FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

# CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 28/01/2021**

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:
D. José Simoes Couceiro
Dª Raquel Caruncho Corral
Dª Yolanda Vázquez Busto
Dª Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
Dª. Manuela García Fachal
Dª Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Angel Díaz González.
D. Luis Pena Mosquera
Dª Rocío Souto Torre

A Secretaria:
Dna. Ana Ramos Ramos

A Interventora:
Dna. Lucia Varela Martínez.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES***

***SESIÓN ORDINARIA 26/11/2020***
***SESIÓN ORDINARIA 30/12/2020***

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:*

***SESIÓN ORDINARIA 26/11/2020***
***SESIÓN ORDINARIA 30/12/2020***

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte* ***PROPOSTA DE ACORDO****:*

***PRIMEIRO****. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:*

***SESIÓN ORDINARIA 26/11/2020***
***SESIÓN ORDINARIA 30/12/2020***

***SEGUNDO.-****. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro*

*Documento asinado dixitalmente, polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro, en Pontedeume, na data que figura na marxe"*

A Presidencia pregunta se algún/ha membro ten algo que dicir sobre os borradores das actas.

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA 26/11/2020**
**SESIÓN ORDINARIA 30/12/2020**

**SEGUNDO.-***Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

## 2.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA EN FUNCIÓNS Nº 34/2021 DE DATA 22/01/2021 DE MODIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, MANDATO CORPORATIVO 2019-2023 APROBADAS POR DECRETO Nº 372/2019.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA EN FUNCIÓNS Nº 34/2021 DE DATA 22/01/2021 DE MODIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, MANDATO CORPORATIVO 2019-2023 APROBADAS POR DECRETO Nº 372/2019***

***Dase conta do ditado do Decreto da Al*caldía en funcións nº 34/2021 de data 22/01/2021, do seguinte teor que se transcribe:**

*(Expediente TEDeC: 2019/X999/000225-2021/G006/000020)*

**"*Descrición decreto: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, MANDATO CORPORATIVO 2019-2023 APROBADAS POR DECRETO Nº 372/2019.***

***EXPEDIENTE Nº 2020/G003/000831***

***DON JOSE SIMOES COUCEIRO, ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*En data 19/06/2019, o Sr. Alcalde Presidente ditou o Decreto Nº 372/2019, que entre outros determinaba as competencias que por delegación da Alcaldía asumía a Xunta de Goberno Local.*

*Neste momento, xurde a necesidade de levar a cabo a primeira modificación da mesma, ao non terse previsto a regulación competencial da suscripción dos convenios de colaboración con outras administracions públicas ou outras entidades do sector público para este concello e dado que a normativa reguladora prevista na lei 40/2015 de 1 de outubro, non establece unha distribución competencial propia para a administración local.*

*Desta forma, salvo os convenios que pola súa natureza e obxeto fora necesario tramitalos en base ás materias para as que se require maioría absoluta, atendendo ao previsto no artigo 47.2 da Lei 7/2015 de 2 de abril, a formalización dos restantes quedaría a criterio interpretativo, ou acollendo o criterio de aprobar todos eles en base á competencia da alcaldía, segundo a cláusula residual prevista no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 de 2 de abril ou a formalización dos convenios polo Pleno da corporación sen base xurídica que o estableza de xeito expreso, por non vir recollida esta posibilidade entre as competencias plenarias recollidas no artigo 22 da Lei 7/1985 de 2 de abril.*

*Así, prestando atención á natureza asimilada á contractual dos convenios, pódese concluir a atribución ao Pleno e ao Alcalde da competencia para aprobación dos mesmos, en analoxía ao réxime contractual establecido na DA 2ª da LCSP, dotando así de seguridade xurídica a súa tramitación.*

*En consecuencia, a suscripción dos convenios de colaboración con outras administracions públicas ou outras entidades do sector público cunha vixencia inferior a 4 anos e cun límite de gasto total para a administración que non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento municipal ou vixencia indefinida que non supoña gasto para a administración, que estarían atendendo a este criterio sostido, sometidos á competencia da Alcaldía pola cláusula residual considerase que dotará de maior seguridad xurídica a súa tramitación delegándose os mesmos na Xunta de Goberno local atendendo ao previsto no artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril. Mantendo os supostos incluídos no artigo 47.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, por ser requirido polo seu obxeto e natureza maioría absoluta, como non pode ser doutro modo, na competencia do Pleno da corporación e os que superen os umbrales anteriores que asume a alcaldía, serán resoltos polo Pleno da corporación, no mesmo xeito que se establece para os expedientes de contratación.*

*Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo alcalde-presidente e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación que é de trece, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.*

*Atendendo ao indicado, pola presente,* ***RESOLVO****:*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***PRIMEIRO***.*- Modificar o punto TERCEIRO do Decreto da alcaldía Nº 372/2019 de 19/06/2019 no sentido de engadir como competencia da Xunta de goberno local,  segundo o indicado, as competencias en materia de formalización de convenios de colaboración, atendendo ao réxime que se indica, mantendo as restantes de xeito invariable, segundo se aprobaron na redacción orixinal.*

*Ásí, o réximen competencial da Xunta de Goberno local será o seguinte:*

*- A competencia básica de dar asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións.*

*- Por delegación, as facultades de xestión e resolución de tódolos asuntos comprendidos no seguinte ámbito de competencia ou atribucións, a saber:*

> *- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.*
>
> *- A aprobación dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
>
> *- O outorgamento de licenzas urbanísticas de obras maiores non sometidas ao réxime de comunicación previa, licenzas de primeira ocupación/utilización, licenzas de segregación ou parcelación, licenzas de actividade.*
>
> *- A ratificación das cesións urbanísticas.*
>
> *- Os expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.*
>
> *- A resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal que sexan competencia de alcaldía.*
>
> *- A suscripción dos convenios de colaboración con outras administracions públicas ou outras entidades do sector público cunha vixencia inferior a 4 anos e cun límite de gasto total para a administración que non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento municipal ou vixencia indefinida que non supoña gasto para a administración.*
>
> *Mantendo os supostos incluídos no artigo 47.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, por ser requirido polo seu obxeto e natureza maioría absoluta, como non pode ser doutro modo, na competencia do Pleno da corporación e os que superen os umbrales anteriores que asume a alcaldía, serán resoltos polo Pleno da corporación, no mesmo xeito que se establece para os expedientes de contratación, sen dar aplicación nestes supostos ao previsto para a cláusula residual regulada no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, e acollendo o previsto na DA 2ª da LCSP.*

***SEGUNDO***. *- Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose persoalmente ás persoas interesadas e aos órgaos respectivos para o*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*seu coñecemento e aceptación por parte da Xunta de Goberno local na vindeira sesión que se celebre.*

***TERCEIRO.-*** *Publicar no Boletín Oficial da Provincia, insertándoa asimemo no Taboleiro de anuncios do concello e publicandoas na sede electrónica municipal.*

***CUARTO.-*** *Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións, D. José Simoes Couceiro do que eu, Dª Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).”*

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa **TOMA DE RAZÓN**.

*Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións, en Pontedeume á data sinalada na marxe.”*

Os membros/as presentes **TOMAN RAZÓN.**

**3.- LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO, ORZAMENTO 2021 E CADRO DE PERSOAL.**

A Secretaria da lectura ao ditame Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda do 25 de xaneiro de 2021, que se transcribe a continuación:

***"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA***
***SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 25 de xaneiro de 2021***
***EXPDTE: 2021/G012/000001***
***Sesión nº: 18/2019-2023***

***2.- APROBACIÓN DEFINITIVA LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO, ORZAMENTO 2021 E CADRO DE PERSOAL***

*A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:*

***“PROPOSTA DE ACORDO***

***ALEGACIÓNS Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2021.***

*Expediente TEDeC: 2020/T004/000004*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Visto o acordo adoptado na sesión plenaria do 10/12/2020 respecto do orzamento municipal para 2021, cadro de persoal e límite de gasto non financeiro.*

*Visto que o dito acordo foi obxecto de publicación no BOP do 16/12/2020 para que durante o prazo de 15 días hábiles se presentasen as reclamacións que se estimasen pertinentes.*

*Visto o certificado o certificado de exposición ao público emitido pola secretaria municipal con data do 14/01/2021, no que se indica que: "salvo erro ou omisión involuntaria, e segundo o informe do rexistro municipal, que se me traslada de data 13/01/2021, consta que o expediente de "Aprobacion inicial do limite de gastro non financieiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Pontedeume 2021", estivo exposta ao público durante os 15 días hábiles transcorridos dende o 16/12/2020 ata o 11/01/2021 ambos inclusive, cuia exposición anunciouse por edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia nº 215 de 16.12.2020, no taboleiro de anuncios da sede electrónica dende o 16/12/2020 ata a data de emision do presente informe e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontedeume dende o día 17/12/2020 ata o día 11/01/2021, e salvo erro ou omisión consta presentada unha alegacion por parte da Federacion Empleados Publicos de U.S.O. con número de rexistro de entrada 202190000000018 de data 08/01/2021"*

*Visto o literal da dita alegación, que é o seguinte: "Que ha tenido conocimiento de que en la sesión celebrada el 10/12/2020 el Pleno de esa Corporación aprobó inicialmente el Presupuesto Municipal y el Cuadro de Personal para el ejercicio 2021 (BOP A Coruña núm. 215, de 16/12/2020), y que, por tanto, se encuentra en fase de exposición pública, formulo las siguientes:*

*ALEGACIONES*

*PRIMERA.- De acuerdo al artículo 162 y siguientes del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la Unión Sindical Obrera (USO) reúne la condición de interesado en defensa de sus intereses propios, y está legitimada para la presentación de estas reclamaciones -art. 170.1 c)-*

*SEGUNDA.- Es oportuno destacar que, tal y como se refleja en el Anexo de Personal, se trata de un cuadro de personal que, luego de la aprobación definitiva de la Relación de Puestos de Trabajo (BOP A Coruña núm. 168, de 08/10/2020), deberán cubrirse definitivamente las plazas que se encuentran vacantes, funcionarizar las plazas que están ocupados por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales.*

*TERCERA.- Por último, para prestar servicios de calidad al ciudadano lo más importante en una Administración próxima y cercana al vecino son los empleados públicos (funcionarios y personal laboral) de una Administración Local, siendo necesario fomentar la creación de empleo estable y la prestación de un servicio público y de calidad. Página 1 de 2 Solicita: Por todo lo anterior, formulo las presentes ALEGACIONES a la aprobación inicial del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2021, por cuanto es necesario cubrir definitivamente las plazas que se encuentran vacantes en el Cuadro de Personal, funcionarizar las plazas que están ocupados por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales".*

*Visto o informe emitido pola intervención municipal de referencia 2/2021, de asunto: "alegacións presentadas ao orzamento municipal de 2021", no que se indica que: "(...) A reclamación presentada non pode entenderse en sentido estricto como tal, ao non estar*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*incluídas en ningún dos motivos tasados regulados no artigo 170 do TRLFL, que se transcribe a continuación: "1. A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:*

*a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*

*b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*

*c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.*

*2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:*

*a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.*

*b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*

*c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto".*

*E conclúe que: "Polos motivos expostos no texto do informe, esta Intervención considera que as alegacións presentadas non teñen cabida entre os motivos de reclamación tasados no artigo 170.2 do TRLFL, sen prexuízo da emisión de informe xurídico, de ser o caso".*

*Visto ademáis que este Concello ten aprobada unha oferta de emprego público correspondente ao ano 2019, prevendo a convocatoria dos procesos selectivos necesarios para regularizar a situación do persoal deste Concello, estando actualmente en proceso de negociación o desenvolvemento do dito proceso,*

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA:*

***PRIMEIRO**.- Inadmitir a trámite a alegación presentada por non atoparse entre os motivos de reclamación tasados no artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

***SEGUNDO**.- Considerar aprobado definitivamente o orzamento municipal para 2021, cadro de persoal e límite de gasto non financeiro, debendo procederse á súa publicación definitiva e remisión ao Estado e Xunta de Galicia; e, en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica*

*Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.*

*Asinado dixitalmente polo Alcalde en funcións, José Simoes Couceiro"*

RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*A Presidencia a abre a quenda para o debate...//...*

*Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando* ***DITAMINADA FAVORABLEMENTE*** *en todos os seus termos, por* ***MAIORÍA de 6 votos a favor*** *das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (5): Dª Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Manuela García Fachal e Dª Alejandra Bellón Tenreiro; do Grupo Municipal do PP (1): D. Luis Ángel Díaz González e* ***1 abstención*** *do concelleiro do BNG: D. Luis Pena Mosquera, a proposta de* ***ACORDO*** *que de seguido se transcribe:*

***PRIMEIRO****.- Inadmitir a trámite a alegación presentada por non atoparse entre os motivos de reclamación tasados no artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

***SEGUNDO.-*** *Considerar aprobado definitivamente o orzamento municipal para 2021, cadro de persoal e límite de gasto non financeiro, debendo procederse á súa publicación definitiva e remisión ao Estado e Xunta de Galicia; e, en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica"*

A presidencia abre a quenda para o debate:

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **2 abstencións** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre; e, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**.- Inadmitir a trámite a alegación presentada por non atoparse entre os motivos de reclamación tasados no artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**SEGUNDO.-** Considerar aprobado definitivamente o orzamento municipal para 2021, cadro de persoal e límite de gasto non financeiro, debendo procederse á súa publicación definitiva e remisión ao Estado e Xunta de Galicia; e, en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica.

**4.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2021**

A Secretaria da lectura ao ditame Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 25 de xaneiro de 2021, que se transcribe a continuación:

***"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***

***SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 25 de xaneiro de 2021***
***EXPDTE: 2021/G012/000002***
***Sesión nº: 19/2019-2023***

***2.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2021***

*A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:*

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2021***
*(Expediente TEDeC: 2020/X999/000473)*
*(Expediente proposta:2021/G006/000003)*

*Logo de ver a a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperración ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) "POS+ 2020", documento con rexistro de entrada no Concello nº 202000000002451 de 30/11/2020, na que, entre outros, se da traslado da cantidade asignada a esta entidade con cargo ao dito plan, o seguinte:*

| *Concello Pontedeume* | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *Achega provincial 2021* | *Achega provincial 2020* | | | | |
| | *Baixas/ Anulac* | *Asignación* | *Total Achega 2020* | *Préstamo provincial 2021* | *TOTAL POS+ 2021* |
| *180.584,75* | *54.783,74* | *76.857,71* | *131.641,45* | *42.996,37* | *355.222,57* |

*Publicadas as bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 de 1 de decembro.*

*Tendo en conta a modificación das bases do dito Plan, comunicadas a este Concello mediante circular de 30/12/2020, documento con rexistro de entrada nº 202000000002681 de 31/12/2020.*

*Logo de ver o anuncio de modificación das ditas bases, publicadas no BOP nº 225 de 31 de decembro de 2021.*

*Vistos os informes da arquitecta municipal que obran no expediente.*

*Visto os informes da Secretaria Municipal que obran no expediente.*

*Visto os informes da Interventora Municipal que obran no expediente.*

*É por isto que esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA** de **ACORDO:***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*PRIMEIRO.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021","achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":*

***A) Financiamento do pago a provedores:***

| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|---|---|---|---|
| *Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores* | | | |
| *Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores* | | | |
| ***Subtotal pago a provedores*** | | | |

*B ) Financiamento de gastos correntes:*

| | Deputación |
|---|---|
| *Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes* | *95.356,26* |
| *Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)* | |
| ***Subtotal gasto corrente*** | |

***C ) Financiamento de investimentos:***

| ACHEGA PROVINCIAL 2021 | Financiamento do investimento | | |
|---|---|---|---|
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| ***EXTENSIÓN DE REDE DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN CASTRO-NOGUEIROSA*** | *85.228,49* | *0* | *85.228,49* |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2021*** | *85.228,49* | *0* | *85.228,49* |

| ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles) | Financiamento do investimento | | |
|---|---|---|---|
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| ***HUMANIZACIÓN DA RÚA FIRRETE*** | *131.641,45* | *2.726,36* | *134.367,81* |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2020*** | *131.641,45* | *2.726,36* | *134.367,81* |

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.*

***D) Redución de débeda con entidades financeiras:***

| Entidade financeira | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda |
|---|---|
| | |
| | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| | |
| | |
| ***Subtotal redución de débeda con entidades financeiras*** | |

***E) Resumo:***

| ***SUBTOTAIS*** | | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***Total*** |
|---|---|---|---|---|
| ***A- PAGO A PROVEDORES*** | ***Achega 2020*** | | | |
| | ***Achega 2021*** | | | |
| ***B- GASTOS CORRENTES*** | ***Achega 2021*** | *95.356,26* | | *95.356,26* |
| | ***Achega 2020 (Excep. Base 2.2)*** | | | |
| ***C- INVESTIMENTOS*** | ***Achega 2021*** | *85.228,49* | | *85.228,49* |
| | ***Achega 2020*** | *131.641,45* | *2.726,36* | *134.367,81* |
| ***D- REDUCIÓN DÉBEDA*** | ***Préstamo 2021*** | | | |
| ***T O T A L*** | ***Achega 2021*** | | | |
| | ***Achega 2020*** | | | |
| | ***Préstamo 2021*** | | | |
| | ***TOTAL*** | | | |

***SEGUNDO****.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

| ***Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)*** | ***Orzamento*** |
|---|---|
| ***AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)*** | ***145.242,77*** |
| ***PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER*** | ***87.469,84*** |
| ***TOTAIS*** | |

***TERCEIRO****.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*




FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***CUARTO**.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.*

***QUINTO**.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

***SEXTO**.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

***SÉTIMO**.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

***OITAVO**.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."*

*En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro (delegación conferida mediante Decreto 17/2021 de 18.01.2021)"*

*A Presidencia a abre a quenda para o debate...//...*

*Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos, por MAIORÍA de **6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (5): Dª Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Manuela García Fachal e Dª Alejandra Bellón Tenreiro; do Grupo Municipal do PP (1): D. Luis Ángel Díaz González e **1 abstención** do concelleiro do BNG: D. Luis Pena Mosquera, a proposta de **ACORDO** que de seguido se transcribe:*

***PRIMEIRO**.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021","achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":*

***A) Financiamento do pago a provedores:***

| | ***Capítulo II*** | ***Capítulo VI*** | ***Total*** |
|---|---|---|---|
| *Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores* | | | |
| *Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores* | | | |
| ***Subtotal pago a provedores*** | | | |

*B ) Financiamento de gastos correntes:*

| | ***Deputación*** |
|---|---|



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| *Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes* | *95.356,26* |
| *Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)* | |
| ***Subtotal gasto corrente*** | |

***C ) Financiamento de investimentos:***

| ***ACHEGA PROVINCIAL 2021*** | ***Financiamento do investimento*** | | |
|---|---|---|---|
| ***Denominación da obra ou subministración*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***Orzamento total*** |
| ***EXTENSIÓN DE REDE DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN CASTRO-NOGUEIROSA*** | *85.228,49* | *0* | *85.228,49* |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2021*** | *85.228,49* | *0* | *85.228,49* |

| ***ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)*** | ***Financiamento do investimento*** | | |
|---|---|---|---|
| ***Denominación da obra ou subministración*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***Orzamento total*** |
| ***HUMANIZACIÓN DA RÚA FIRRETE*** | *131.641,45* | *2.726,36* | *134.367,81* |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2020*** | *131.641,45* | *2.726,36* | *134.367,81* |

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.*

***D) Redución de débeda con entidades financeiras:***

| ***Entidade financeira*** | ***PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda*** |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| ***Subtotal redución de débeda con entidades financeiras*** | |

***E) Resumo:***

| ***SUBTOTAIS*** | | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***Total*** |
|---|---|---|---|---|
| ***A- PAGO A PROVEDORES*** | ***Achega 2020*** | | | |
| | ***Achega 2021*** | | | |
| ***B- GASTOS CORRENTES*** | ***Achega 2021*** | *95.356,26* | | *95.356,26* |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ***Achega 2020 (Excep. Base 2.2)*** | | | |
| ***C- INVESTIMENTOS*** | ***Achega 2021*** | *85.228,49* | | *85.228,49* |
| | ***Achega 2020*** | *131.641,45* | *2.726,36* | *134.367,81* |
| ***D- REDUCIÓN DÉBEDA*** | ***Préstamo 2021*** | | | |
| ***T O T A L*** | ***Achega 2021*** | | | |
| | ***Achega 2020*** | | | |
| | ***Préstamo 2021*** | | | |
| | ***TOTAL*** | | | |

***SEGUNDO****.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

| ***Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)*** | ***Orzamento*** |
|---|---|
| ***AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)*** | ***145.242,77*** |
| ***PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER*** | ***87.469,84*** |
| ***TOTAIS*** | |

***TERCEIRO****.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

***CUARTO****.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.*

***QUINTO****.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

***SEXTO****.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

***SÉTIMO****.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

***OITAVO.-*** *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente"*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Presidencia a abre a quenda para o debate:

- O voceiro do grupo municipal do BNG, o Sr. Luis Pena, comenta que a elección das obras non son as que eles farían, a súa posición vai a ser abstención.

-O Sr. Daniel Ríos reitera o dito na Comisión Informativa de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do vinte e cinco de xaneiro, comenta que son obras que corresponden a servizos básicos, sendo necesaria a inversión, enumera as obras realizar, e di que se reservan 95.000 € para gastos correntes.

- O Alcalde, o Sr. Bernardo Fernández, explica que dedicar eses fondos a gastos correntes o que vai permitir, é liberar fondos do concello para dedicalos a outros gastos.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **2 abstencións** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre; e, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021","achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

**A) Financiamento do pago a provedores:**

| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|---|---|---|---|
| Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores | | | |
| Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores | | | |
| **Subtotal pago a provedores** | | | |

B ) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|---|---|
| Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 95.356,26 |
| Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final) | |
| **Subtotal gasto corrente** | |

**C ) Financiamento de investimentos:**

| ACHEGA PROVINCIAL 2021 | Financiamento do investimento |
|---|---|



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
|---|---|---|---|
| **EXTENSIÓN DE REDE DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN CASTRO-NOGUEIROSA** | 85.228,49 | 0 | 85.228,49 |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| **Subtotal investimentos achega provincial 2021** | 85.228,49 | 0 | 85.228,49 |

| ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles) | Financiamento do investimento | | |
|---|---|---|---|
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| **HUMANIZACIÓN DA RÚA FIRRETE** | 131.641,45 | 2.726,36 | 134.367,81 |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| **Subtotal investimentos achega provincial 2020** | 131.641,45 | 2.726,36 | 134.367,81 |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

| Entidade financeira | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| **Subtotal redución de débeda con entidades financeiras** | |

**E) Resumo:**

| SUBTOTAIS | | Deputación | Concello | Total |
|---|---|---|---|---|
| **A- PAGO A PROVEDORES** | **Achega 2020** | | | |
| | **Achega 2021** | | | |
| **B- GASTOS CORRENTES** | **Achega 2021** | 95.356,26 | | 95.356,26 |
| | **Achega 2020 (Excep. Base 2.2)** | | | |
| **C- INVESTIMENTOS** | **Achega 2021** | 85.228,49 | | 85.228,49 |
| | **Achega 2020** | 131.641,45 | 2.726,36 | 134.367,81 |
| **D- REDUCIÓN DÉBEDA** | **Préstamo 2021** | | | |
| **T O T A L** | **Achega 2021** | | | |
| | **Achega 2020** | | | |
| | **Préstamo 2021** | | | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **TOTAL** | | | |

**SEGUNDO**.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| **Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)** | **Orzamento** |
|---|---|
| **AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)** | **145.242,77** |
| **PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER** | **87.469,84** |
| **TOTAIS** | |

**TERCEIRO**.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**CUARTO**.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

**QUINTO**.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**SEXTO**.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SÉTIMO**.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**OITAVO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**5.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 1 2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

A Secretaria da lectura ao ditame Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 25 de xaneiro de 2021, que se transcribe a continuación:

***"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***
***SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 25 de xaneiro de 2021***
***EXPDTE: 2021/G012/000002***
***Sesión nº: 19/2019-2023***

***3.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 1 2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS***

*A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:*

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 1 2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS** (Expediente TEDeC: 2020/X999/000473)*

*(Expediente proposta: 2021/G006/000006)*

*Logo de ver a a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperración ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) "POS+ 2020", documento con rexistro de entrada no Concello nº 202000000002461 de 02/12/2020, e que, xunto co POS+2021 regúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de **gastos sociais extraordinarios**, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da deputación.na que, entre outros, se da traslado da cantidade asignada a esta entidade con cargo ao dito plan, o seguinte:*

| *Concello* | ***Concello de Pontedeume*** |
|---|---|
| *Achega provincial POS+ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais extraordinarios* | *109445,3 €* |

*Publicadas as bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 de 1 de decembro.*

*Tendo en conta a modificación das bases do dito Plan, comunicadas a este Concello mediante circular de 04/01/2021, documento con rexistro de entrada nº 202100000000017 de 08/01/2021.*

*Logo de ver o anuncio de modificación das ditas bases, publicadas no BOP nº 225 de 31 de decembro de 2021.*

*Tendo en conta a providencia de Alcaldía en funcións de data 20.01.2021*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Visto os informes da Interventora Municipal que obran no expediente.*

*É por isto que esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte* ***PROPOSTA*** *de* ***ACORDO:***

***PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:***

| | |
|---|---|
| *Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios* | *109.445,30 €* |

*(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)*

| ***GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS*** | ***PREVISIÓN DE GASTOS 2021*** | ***ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS*** | ***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)*** |
|---|---|---|---|
| | ***(A)*** | ***(B)*** | ***(A-B)*** |
| *a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.*<br><br>*(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)* | | | |
| *b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de* | | | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| *xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.* | | | |
| *c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.* | *10.000* | | |
| *d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.*<br>*(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)*<br>*Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.* | | | |
| *e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.* | *20.000* | | |
| *f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.* | | | |
| *g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.* | *5.000* | | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| *h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.* | *74.445,30* | | |
| ***T O T A L*** | ***109.445,30*** | | |

***SEGUNDO**.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”*

*En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro (delegación conferida mediante Decreto 17/2021 de 18.01.2021)”*

*A Presidencia a abre a quenda para o debate...//...*

*Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos, por **MAIORÍA de 6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (5): Dª Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Manuela García Fachal e Dª Alejandra Bellón Tenreiro; do Grupo Municipal do PP (1): D. Santiago José Rodríguez e **1 abstención** do concelleiro do BNG: D. Luis Pena Mosquera, a proposta de **ACORDO** que de seguido se transcribe:*

***PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2021” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:***

| | |
|---|---|
| *Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios* | *109.445,30 €* |

*(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| ***GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS*** | ***PREVISIÓN DE GASTOS 2021*** | ***ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS*** | ***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO*** ***(Pode ser superior ao importe solicitado)*** |
|---|---|---|---|
| | ***(A)*** | ***(B)*** | ***(A-B)*** |
| *a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.* <br><br> *(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)* | | | |
| *b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.* | | | |
| *c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.* | *10.000* | | |
| *d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.* <br><br> *(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais* | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| *municipais FOPPSS)*<br><br>*Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.* | | | |
| *e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.* | *20.000* | | |
| *f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.* | | | |
| *g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.* | *5.000* | | |
| *h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.* | *74.445,30* | | |
| ***T O T A L*** | ***109.445,30*** | | |

***SEGUNDO***.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- O Sr. Daniel Ríos, ratifica o comentado na Comisión Informativa de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do vinte e cinco de xaneiro. Explica que a Deputación sacou unha nova liña de axudas, e que ao Concello correspóndenlle 109.000 €, ademais a previsión de gastos pódese ver alterada durante este ano, o que permite liberar partidas do orzamento para dedicalos a gastos sociais.

- O voceiro do grupo municipal do PP, o Sr. Santiago José Rodríguez, parécelle ben que se dediquen cartos para estes fins.

- O voceiro do grupo municipal do BNG, o Sr. Luis Pena, formula unha dúbida, que tamén mostraba na Comisión Informativa de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, que parte da axuda vai directa as persoas e que parte a pagar persoal.

- O Sr. Daniel Ríos responde que esta cuestión está reflectida no anexo que se enviou a Comisión do pasado luns, 35.000 € para gastos sociais e 75.000 € para gastos de persoal.

- O Alcalde, o Sr. Bernardo Fernández, aclara a intervención do Sr. Daniel Ríos, explicando que eses 75.000 € van a permitir liberar recursos propios, para dar mais axudas ás familias e outros colectivos. Pregunta á Sra. Alejandra Bellón canto é o importe satisfeito para limpezas e desinfeccións, contestando a Sra. Alejandra Bellón 4.000 € trimestrais, entón 16.000 € anuais.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte

**PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:**

| | |
|---|---|
| Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios | 109.445,30 € |

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS | PREVISIÓN DE GASTOS 2021 | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) |
|---|---|---|---|
| | **(A)** | **(B)** | **(A-B)** |
| a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, | | | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.<br><br>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación) | | | |
| b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración. | | | |
| c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios. | 10.000 | | |
| d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.<br><br>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)<br><br>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio | | | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas. | | | |
| e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación. | 20.000 | | |
| f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar. | | | |
| g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais. | 5.000 | | |
| h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas. | 74.445,30 | | |
| **T O T A L** | **109.445,30** | | |

**SEGUNDO**.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

**6.- ASUNTOS DE URXENCIA**

Dende a Presidencia, proponse para a sua inclusión na orde do día o asunto seguinte:

**EXPROPIACIÓN DOS TERREOS PARTICULARES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I, PONTEDEUME. CLAVE: OH.315, 1047.**

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **2**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**votos en contra** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***“PROPOSTA DE ACORDO***
***EXPROPIACIÓN DO TERREOS PARTICULARES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANS E PONTEDEUME. FASE I. PONTEDEUME. CLAVE: OH.315,1047.***

*(Expediente TEDeC: 2018/X999/000003)*

*O 27 de febreiro de 2020 o Pleno do Concello, en sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2020, acordou, entre outros, ratificar o acordo adoptado en sesión ordinaria do 24 de xullo de 2019, nos seguintes puntos:*
*1.1.- Estimar parcialmente alegacións presentadas por Dna. Josefa Bouza Varela (32568292Q) e Mª Carmen Iglesias Bouza (7640722A) rexistro de entrada nº 201900000000274 24.01.2019, Dna. María Ramona Queijas López (76399832L), documento con rexistro de entrada 201900000000295 de 25.01.2019, Dna. Marina Iglesias Bouza (32645975M), documento con rexistro de entrada 201900000000299 de 28.01.2019 e por Dna. Carmen Bouza Varela (32623040R), documento con rexistro de entrada 201900000000302 de 28.01.2019 en tanto que:*

*Se estima que a afección da finca nº 3 é de 331m2, tal e como indican as alegantes, pasando a estar valorada en 10.999,13 € ao que sumado o 5% do premio de afección (549,96 €), resulta unha valoración total de 11.549,07 €.*
*Desestímase a expropiación total da parcela por carecer de acceso desde viario público, xa que este é tan só dende terreos de acceso restrinxido de uso portuario, tendo a condición de parcela inedificable.*

*1.2.- Aprobar a modificación do “Proxecto de expropiación elaborado pola Enxeneira agrónoma Andrea Fernández Martínez en data novembro de 2017, presentado no RE de data 24/11/2017 nº 6501 no que se formula e polo tanto se aproba a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a expropiar para a execución da obra “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” Tomo I e II”, nos seguintes termos:*

| ***Nº*** | ***DATOS CATASTAIS (POL-PARC)*** | ***REF CATASTRAL*** | ***PARAXE*** | ***TITULAR*** | ***DOMICILIO*** | ***POBOACIÓN*** | ***SUP EXPROPIADA*** | ***VALORACIÓN TOTAL, SEGUNDO CADRO RESUMO DE VALORACIÓNS CONTIDO NO PROXECTO EXPROPIATORIO*** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *2* | *69693 12* | *6969312NJ6066N* | *CL MUELLE* | *ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE)* | *CL RUA DO PINCHO 1* | *15600 PONTEDEUME* | *49 M2* | *1.709,68 €* |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *3* | *69693 13* | *6969313NJ6066N* | *CL MUELLE* | *BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE)* | *LG BAÑOBRE 76* | *15630 MIÑO* | *331M2* | *11.549,07 €* |

*Tendo en conta o escrito de alegacións e recurso de reposición contra o anterior acordo plenario de data 27/02/2020, presentado por Josefa Bouza Varela e Carmen Iglesias Bouza, en data 15/06/2020, con data 21/01/2021 o equipo redactor emite informe que remite ao concello o mesmo día 21 de xaneiro RE nº 202199900000096, no que se indica o seguinte:*

*…//… Trala ampliación da superficie inicialmente expropiada da parcela, de acordo á solicitude de Augas de Galicia por necesidades da obra, a superficie a expropiar da parcela nº3 é de 465,51 m$^2$ dun total de 657 m$^2$, o que representa o 70,85 % do total da parcela.*

*Con data 15/06/2020 os propietarios da parcela Nº3, presentan no Concello de Pontedeume escrito solicitando de novo a expropiación total da parcela.*

*Axúntase como Anexo nº1 escrito do 15/06/2020 dos propietarios da parcela no que se solicita a expropiación total da parcela.*

*..//…Polo tanto tras esta ampliación da superficie expropiada da finca nº 3 do proxecto de expropiación "Mellora do saneamento en Cabanas en Pontedeume. Fase I. Concello de Pontedeume (A Coruña)", nos 191,49 m$^2$ restantes, a situación da parcela quedaría tal e como se describe no cadro seguinte:*

| *Nº ORDEN* | *DATOS CATASTRAIS* | | *REF.CATASTRAL* | *PARAXE* | *TITULAR* | *SUP. CATASTRAL* | *SUP. EXPROPIADA* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *POLIGONO* | *PARCELA* | | | | | |
| *3* | *69693* | *13* | *6969313NJ6066N* | *Muelle Pontedeume* | *Bouza Vázquez Jesús (Herederos de)* | *657* | *657* |

*En consecuencia co anterior, o cadro resumo da valoración da parcela nº3 resultaría como segue:*

| ***FINCA*** | ***REF. CAT.*** | ***SUP. CATASTRO (M2)*** | ***M2*** | ***TERRENO*** | ***5,00% AFECCIÓN*** | ***TOTAL*** | ***EXPROPIACIÓN*** | ***% FINCA*** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ***3*** | ***6969313NJ6066N*** | ***657*** | *331,00* | *10.999,13* | *549,96* | *11.549,09* | *INICIAL* | *50,38%* |
| | | | *134,51* | *4.469,77* | *223,49* | *4.693,26* | *OBRAS (CO)* | *20,47%* |
| | | | *191,49* | *6.363,21* | *318,16* | *6.681,37* | *RESTO (TO)* | *29,15%* |
| | | ***TOTAL*** | ***657,00*** | ***21.832,11*** | ***1.091,61*** | ***22.923,72*** | | ***100,00%*** |

*Tendo en conta, asimesmo, que o expediente está sen finalizar logo de case tres anos dende a súa iniciación, o 09/02/2018 a medio de providencia desta Alcaldía.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Tendo en conta, asimismo, que o concello de Pontedeume asumiu coa formalización do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020" entre outras obrigas, a posta a disposición dos terreos so pena da esixibilidade da potencial indemnización que lle correspondería ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora na execución das obras, segundo se indica no literal do mesmo.*

*Tendo en conta que as obras se atopan xa en execución, na parte sobre a que existe disponibilidade dos terreos, sendo imprescindible que este concello dispoña no prazo establecido no programa de traballo do contratista, os terreos obxeto do presente expediente de expropiación, a Alcaldía tomou a decisión de solicitar asistencia técnica especializada para o procedemento de expropiaciónn, co fin de que se analicen as posibilidades de axilizar a tramitación á vista da tramitación que seguiu o expediente.*

*A estos efectos foi emitido infome pola Abogada Marta Casal Pernas a 11 de enero de 2021 que no seu literal indica o seguinte:*

*Por el ayuntamiento de Pontedeume se ha iniciado el procedimiento expropiatorio para la adquisición y derechos afectados con motivo de la ejecución de las obras de Mejora del saneamiento en Cabanas y Pontedeume, Fase I, clave OH.315.1047, indicándose que la tramitación del expediente se realizará por el procedimiento ordinario previsto en la Ley de Expropiación Forzosa de 16 de diciembre de 1954 (en adelante LEF).*

*La LEF prevé que la tramitación del expediente expropiatorio pueda tramitarse de acuerdo con alguno de los siguientes procedimientos (sin perjuicio de otras modalidades desarrolladas en la legislación sectorial, como es la tasación conjunta para las expropiaciones que se lleven a cabo por razón de urbanismo):*

- *Procedimiento ordinario*
- *Procedimiento de urgencia, de acuerdo con lo indicado en el artículo 52 LEF.*

*Si bien el procedimiento de urgencia tiene carácter excepcional, el ayuntamiento de Puentedeume (y en general para todas las administraciones públicas) puede optar por esta modalidad siempre que la declaración de urgencia haya sido declarada por el Consello de la Xunta de Galicia, o bien haya sido declarada de manera implícita por ley. En la actualidad, la declaración implícita de la utilidad pública y necesidad de ocupación viene reconocida en numerosa legislación sectorial (carreteras, minas, electricidad, aguas…), estableciendo también alguna de ésta la urgente ocupación, como en materia de carreteras o aguas.*

*El artículo 28.1 de la ley de aguas de Galicia establece que "se declaran de interés de la Comunidad Autónoma de Galicia, en los términos en que reglamentariamente se determinen, las obras incluidas en el Plan gallego de abastecimiento y en el Plan gallego de saneamiento, a los que se refiere el artículo 34 de esta ley, así como las incluidas en el Plan hidrológico para la demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, al que se refiere el artículo 75 de esta misma ley".*

*Con respecto a las obras hidráulicas de interés de la Comunidad Autónoma de Galicia, el artículo 29 de la ley de aguas regula su régimen jurídico, indicando indicando que "la aprobación definitiva del proyecto, anteproyecto o documento similar* ***llevará implícita la***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***declaración de utilidad pública y la necesidad de <u>urgente</u> ocupación*** *de los bienes y adquisición de derechos, a fines de expropiación forzosa y ocupación temporal, de acuerdo con lo dispuesto en la legislación correspondiente. Esta declaración se referirá también a los bienes y derechos que puedan incluirse en el replanteo del documento técnico correspondiente y a las modificaciones de obras y obras complementarias que, en su caso, puedan aprobarse posteriormente".*

*A estos efectos, y en relación a la obra de referencia, consta en el expediente certificado del Gerente de Aguas de Galicia de 15 de diciembre de 2017 en el que se indica que en el programa de Medidas del Plan Hidrológico Galicia-Costa, aprobado por el Real Decreto 11/2016, de 8 de enero, se recoge la actuación de saneamiento y depuración ES014.02.0204.01 Mejoras de los sistemas de saneamiento y depuración en la ría de Pontedeume, que es objeto del presente informe.*

*Así mismo, la expropiación se ha iniciado para la ejecución de una obra hidráulica (obra de saneamiento) de acuerdo con la definición prevista en el número 31 del artículo 2 de la Ley 9/2010, de 4 de noviembre, de aguas de Galicia, que dispone que "a los efectos de la presente ley, se entiende por obra hidráulica las actuaciones necesarias para la restauración y consecución del bueno estado ecológico de las masas de agua, su entorno y los ecosistemas asociados, la construcción de bienes que tengan naturaleza inmueble destinada a la captación, extracción, desalación, almacenamiento, regulación, conducción, control y aprovechamiento de las aguas, así como al saneamiento, depuración, tratamiento y reutilización de las aprovechadas, y las que tengan por objeto la recarga artificial de acuíferos, la actuación sobre cauces, la corrección del régimen de corrientes y la protección frente a inundaciones, así como aquellas otras necesarias para la protección del dominio público hidráulico".*

*La Disposición Adicional octava de la ley de aguas hace extensible el régimen jurídico previsto en el artículo 29 a otras obras hidráulicas, al disponer que "el régimen jurídico regulado en los artículos 28º y 29º de la presente ley con relación a la declaración y efectos jurídicos de la declaración, respectivamente, de las obras hidráulicas de interés general en el ámbito del abastecimiento, saneamiento y depuración de aguas residuales, así como en el de la conservación y mejora del dominio público hidráulico, es de aplicación al resto de obras hidráulicas según la definición de obra hidráulica que se contiene en el artículo 2 de esta ley".*

*Así pues, en aplicación de lo dispuesto en los artículos 28 y 29 de la ley de aguas de Galicia, y en la DA octava indicada, la aprobación del proyecto de la obra de Mejora del saneamiento en Cabanas y Pontedeume, Fase I, lleva implícita la declaración de la utilidad pública y la necesidad de urgente ocupación de los bienes y adquisición de derechos, a fines de expropiación forzosa y ocupación temporal, por tratarse de una obra hidráulica de saneamiento, que además se encuentra dentro del Plan Hidrológico Galicia - Costa. Al estar declarada implícitamente la urgente ocupación, el procedimiento expropiatorio podrá tramitarse por la modalidad prevista en el artículo 52 LEF y concordantes del Decreto de 26 de abril de 1957, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley de Expropiación Forzosa (REF).*
*En el caso que nos ocupa, si bien en un momento inicial el ayuntamiento acordó la tramitación del expediente por la modalidad de procedimiento ordinario, una vez analizadas jurídicamente las diferentes posibilidades de acuerdo con la legislación sectorial, se considera conforme a derecho tramitar como urgente, continuando las distintas fases según lo dispuesto en el artículo 52 LEF y concordantes del REF.*
*Por parte del ayuntamiento de Pontedeume se han realizado determinados actos dentro del procedimiento expropiatorio, como son la información pública del proyecto de obra y del proyecto de expropiación que incluye la relación de titulares, bienes y derechos afectados, resolviéndose las alegaciones formuladas por los titulares. Todo eso de conformidad con lo dispuesto en los artículos 17 y siguientes de la LEF. Este trámite de información pública resulta de obligado cumplimiento independientemente de la modalidad procedimental por la que opte*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*la administración, ordinaria o urgente, y ha de realizarse de manera previa para que concurran los requisitos de necesidad de ocupación que justifican la expropiación, siendo su contenido y los plazos conferidos idénticos en ambas modalidades. Por esta razón, la decisión de la administración de optar por la modalidad procedimental urgente no invalida ni afecta a los actos ya producidos de aprobación de proyectos y de información pública, que en todo caso han de entenderse ya realizados.*
*Por otra parte, el acuerdo de modificar la modalidad de procedimiento expropiatorio y optar por el de urgencia no afecta a posibles derechos ya adquiridos por parte de los interesados que resultasen incompatibles con la modalidad de urgencia.*
*CONCLUSIÓN*
*Por lo expuesto, consideramos justificada por aplicación directa de la propia legislación sectorial de aguas la inclusión del procedimiento expropiatorio de referencia dentro de la modalidad de urgencia, debiendo el ayuntamiento acordar la modificación de la tramitación a estos efectos. Dicho acuerdo deberá ser notificado a los interesados.*
*Independientemente de la información pública ya realizada, que es común para las dos modalidades procedimentales, y que goza de todas las garantías jurídicas como acto efectivamente producido dentro del expediente, los actos sucesivos se tramitarán de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 52 LEF y concordantes del REF."*

*Á recepción do indicado informe foi remitido a Augas de Galicia, organismo que está a executar as obras "Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)" co fin de obter a súa conformidade a establecer o procedemento na modalidade de urxencia, atendendo á previsión establecida na Lei de Augas de Galicia en aplicación dos artigos 28 e 29, lei 9/2010, logo de que xa desde ese organismo se informara a utilidade pública a efectos expropiatorios da obra por estar a mesma incluída "...no Programa de medidas do Plan hidrolóxico da Demarcación hidrográfica de Galicia-Costa está recollida a actuación de Mellora dos sistemas de saneamento e depuración na ría de Pontedeume, na que se enmarca o proxecto citado [referido ao proxecto de Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)"], que por este motivo ten recoñecida a declaración de utilidade pública en aplicación do disposto no artigo 79,4 da Lei9/2010 do 4 de novembro de augas de Galicia, ..." (Comunicacións de augas de Galicia de data 22/12/2017 e 05/02/2018 que obran no expediente).*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Augas de Galicia a medio de informe de data 13/01/2021 emitido polo Xerente do indicado organismo, manifesta a súa conformidade no sentido seguinte:*

Augas de Galicia está executando a actuación de "Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Pontedeume (A Coruña)", de clave: OH.315.1047

Na tramitación do expediente da actuación iniciouse por esa entidade local un procedemento expropiatorio ordinario, para a adquisición dos bens e dereitos afectados pola execución das obras.

Recíbese informe emitido pola Abogada Marta María Casal Pernas, realizado a petición do concello de Pontedeume, mediante o que expón a posibilidade, en aplicación dos artigos 28 e 29 da Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia, da modificación procedimental da expropiación e optar pola tramitación de urxencia.

Á vista dos criterios establecidos no dito informe, este organismo non formula ningunha obxección á inclusión do procedemento expropiatorio de referencia dentro da modalidade de urxencia.

Santiago de Compostela,
O xerente de Augas de Galicia
Gonzalo Mosqueira Martínez
(documento asinado dixitalmente)

*Tendo en conta que segundo indican os informes técnicos para a execución do antedito proxecto en relación coa utilidade pública é necesaria a ocupación dos bens e dereitos afectados, en concreto no emitido o 16/03/2017.*

*Visto que o proxecto foi obxeto de información pública por medio de anuncio no BOP A Coruña nº 82 de 3 de maio de 2017 e no taboleiro de edictos do concello dende o 4 de maio ata o 1 de xuño de 2017, sen que consten alegacións presentadas segundo acredita o certificado de Secretaria expedido ao efecto en data 5 de xullo de 2017*

*Atendendo ao indicado nos informes técnicos municipais, así como nos restantes datos obrantes no expediente, ademais dos informes sectorais necesarios para a execución da obra dos distintos organismos afectados, e a tramitación das concesións administrativas tanto concesión portuaria como concesión de costas que se tramitaron para levar a cabo estas obras, e atendendo a que esta Alcaldía xa na providencia ditada o día 09/02/2018 e o Informe xurídico da Secretaria da Corporación de data 16/02/2018 propoñían a tramitación urxente do expediente dando cumplimento ao establecido no Convenio suscrito.*

*Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria da corporación de data 21/001/2021.*

*Acreditada a existencia de crédito adecuado e suficiente a medio de informe emitido pola Intervención municipal de data 28 de xaneiro de 2021.*

*En consecuencia, co informe técnico do equipo redactor, á vista da necesidade de expropiación do 70,85 % da superficie da parcela nº3 para a execución das obras previstas no proxecto e para garantir desta forma un tránsito perimetral do tanque de tormentas que non afecte a actividade portuaria do Porto de Pontedeume e a solicitude da propiedade da expropiación total da parcela por resultar a mesma antieconómica, tendo en conta o previsto no artigo 23 la lei de 16 de decembro de 1954,* ***PROPOÑO****:*

***PRIMEIRO**.- Proceder á tramitación do expediente no sentido indicado, esto é:*

- *Estimar a alegación e recurso de reposición contra o acordo plenario de data 27/02/2020, presentada por Josefa Bouza Varela e Carmen Iglesias Bouza, en data 15/06/2020, atendendo ao informe emitido por parte do equipo redactor de data 21/01/2021 presentado por RE nº 202199900000096 en canto a proceder a expropiación total da parcela nº3 do proxecto de expropiación "Mellora do saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Pontedeume (A Coruña)", con una superficie total de 657 m$^2$ (ampliando a superficie expropiada en 191,49 m$^2$), en virtude do disposto no artigo 23 da LEF: "Cuando la expropiación implique sólo la necesidad de ocupación de una parte de finca rústica o urbana, de tal modo que a consecuencia de aquélla resulte antieconómica para el propietario la conservación de la parte de finca no expropiada, podrá éste solicitar de la Administración que dicha expropiación comprenda la totalidad de la finca, debiendo decidirse sobre ello en el plazo de diez días. Dicha resolución es susceptible del recurso de alzada previsto en el artículo anterior, y no se dará el recurso contencioso administrativo, estándose a lo dispuesto en el artículo cuarenta y seis.".*

- *Valorar a superficie expropiada de 191,49 m$^2$ (para completar o total da parcela) nun total de 6.681,37 €, tramitada como expediente complementario e nomeado a efectos de valoración como parcela nº3 TO, que completa os valores xa acordados anteriormente polo pleno da corporación sobre a parcela nº 3.*

- *A finca nº 3 resultaría coa seguinte valoración total, que será aprobada polo Pleno se o estima:*

| ***Nº*** | ***DATOS CATASTAIS (POL-PARC)*** | ***REF CATASTRAL*** | ***PARAXE*** | ***TITULAR*** | ***DOMICILIO*** | ***POBOACIÓN*** | ***SUP EXPROPIADA*** | ***VALORACIÓN TOTAL*** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *3* | *69693 13* | *6969313NJ6066N* | *CL MUELLE* | *BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE)* | *LG BAÑOBRE 76* | *15630 MIÑO* | *657M2* | *22.923,72€* |

- *A finca nº 2 mantense nos mesmos termos xa aprobados polo Pleno da corporación ao non constar alegacións sobre a mesma.*

| ***Nº*** | ***DATOS CATASTAIS (POL-PARC)*** | ***REF CATASTRAL*** | ***PARAXE*** | ***TITULAR*** | ***DOMICILIO*** | ***POBOACIÓN*** | ***SUP EXPROPIADA*** | ***VALORACIÓN TOTAL*** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *2* | *69693 12* | *6969312NJ6066N* | *CL MUELLE* | *ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE)* | *CL RUA DO PINCHO 1* | *15600 PONTEDEUME* | *49 M2* | *1.709,68 €* |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***SEGUNDO***.- *Aprobar a relación de titulares, bens e dereitos afectados pola expropiación, logo das alegacións e recursos presentados:*

| ***Nº*** | ***DATOS CATASTAIS (POL-PARC)*** | ***REF CATASTRAL*** | ***PARAXE*** | ***TITULAR*** | ***DOMICILIO*** | ***POBOACIÓN*** | ***SUP EXPROPIADA*** | ***VALORACIÓN TOTAL, SEGUNDO CADRO RESUMO DE VALORACIÓNS CONTIDO NO PROXECTO EXPROPIATORIO*** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *2* | *69693 12* | *6969312NJ6066N* | *CL MUELLE* | *ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE)* | *CL RUA DO PINCHO 1* | *15600 PONTEDEUME* | *49 M2* | *1.709,68 €* |
| *3* | *69693 13* | *6969313NJ6066N* | *CL MUELLE* | *BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE)* | *LG BAÑOBRE 76* | *15630 MIÑO* | *657M2* | *22.923,72€* |

*Advírtese que o acordo de aprobación definitiva do proxecto de obra de “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” e do “Proxecto de expropiación elaborado pola Enxeneira agrónoma Andrea Fernández Martínez en data novembro de 2017, presentado no RE de data 24/11/2017 nº 6501 no que se formula e polo tanto se aproba a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a expropiar para a execución da obra “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” Tomo I e II”, coas modificacións introducidas segundo se indica en relación coa finca nº 3 no sentido de expropiar a finca na súa totalidade, en aplicación do disposto nos artigos 28 e 29 da lei de augas de Galicia, e na DA octava do mesmo texto, leva implícita a declaración da utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e adquisición de dereitos, a fines de expropiación forzosa e ocupación temporal, por tratarse de unha obra hidráulica de saneamento, que ademáis se atopa dentro do Plan Hidrológico Galicia - Costa.*

*Ao estar declarada implícitamente a urxente ocupación, o procedemento expropiatorio tramitarase pola* ***modalidade prevista no artigo 52 LEF*** *e concordantes do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa (REF). Así,* ***implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, o que implica que os terreos poderán ser ocupados unha vez aboado ou consignado o depósito previo e as indeminacións por rápida ocupación, de ser procedentes, de conformidade co establecido na regra 6 do artigo 52 LEF.***

*As actuacións do expediente expropiatorio entenderánse en primeiro lugar, cos propietarios do ben ou titular do dereito obxecto da expropiación, polo que se pon de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistrais e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistrais do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe das valoracións.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***TERCEIRO**.- Convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados polo procedemento expropiatorio, no Salón de Plenos do Concello de Pontedeume o día **15 de marzo de 2021** es 10:30 horas, na seguinte orde:*

- *Dona Marta María Rosado de la Gala*
- *Dona Rocío Rosado de la Gala*
- *María Soledad Rosado Ríos*
- *Rosa María Rosado Ríos*
- *Herederos de Enrique Rosado Espada: D Juan José Fonte Sardiña y Antonio Fernández Ríos*
- *Herederos de Consuelo Rosado Espada*
- *Herederos de Juan Rosado Espada*
- *Pedro Ares Espada y herederos*
- *Herederos de Antonio Ares Espada*
- *Herederos de Magdalena Ares Espada*
- *Herederos Luis Ares Espada*

*As 11:00 horas*

- *Dona Carmen Bouza Varela*
- *Dona Josefa Bouza Varela*
- *Dona Marina Iglesias Bouza*
- *Dona María del Carmen Iglesias Bouza*
- *Dona Ramona Queijas López*

---

*Co fin de proceder ao **levantamento das actas previas á ocupación** nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade e documento nacional de identidade, podendo facerse acompañar a súa costa, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.*

***CUARTO***.- *En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa de 26 de abril de 1957,* ***convocar o pago dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación****, que terá lugar unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, no lugar e data que se indican:*

o *Lugar: Salón de Plenos do concello de Pontedeume*

o *Data:* ***16 de marzo de 2021*** *ás 10:30 horas, na seguinte orde:*

- *Dona Marta María Rosado de la Gala*
- *Dona Rocío Rosado de la Gala*
- *María Soledad Rosado Ríos*
- *Rosa María Rosado Ríos*
- *Herederos de Enrique Rosado Espada: D Juan José Fonte Sardiña y Antonio Fernández Ríos*
- *Herederos de Consuelo Rosado Espada*
- *Herederos de Juan Rosado Espada*
- *Pedro Ares Espada y herederos*
- *Herederos de Antonio Ares Espada*
- *Herederos de Magdalena Ares Espada*
- *Herederos Luis Ares Espada*

*As 11:00 horas*

- *Dona Carmen Bouza Varela*
- *Dona Josefa Bouza Varela*
- *Dona Marina Iglesias Bouza*
- *Dona María del Carmen Iglesias Bouza*
- *Dona Ramona Queijas López*

*No suposto de non ter presentada a acreditación da titularidade e a copia do D.N.I., así como no restos dos supostos previstos no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***QUINTO.- Acordar fixar como importe de depósito previo das fincas o 20% do valor dos bens e dereitos afectados, sen incluír o 5% do premio de afección, resultando os seguintes valores das fincas.***

| *Nº* | *DATOS CATASTAIS (POL-PARC)* | *REF CATASTRAL* | *TITULAR* | *VALORACIÓN TOTAL, SEGUNDO CADRO RESUMO DE VALORACIÓNS CONTIDO NO PROXECTO EXPROPIATORIO* | *Valoración de depósito previo €* | *Valoración de indemnizacións por rápida ocupación €* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *2* | *69693 12* | *6969312NJ6066N* | *ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE)* | *1.709,68 €* | *162,68 €* | *0,00 €* |
| *3* | *69693 13* | *6969313NJ6066N* | *BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE)* | *22.923,72 €* | *2.181,24 €* | *0,00 €* |

***SEXTO****.- Coincidindo co acto de pagamento, proceder ao levantamento da acta de ocupación correspondente; o que terá lugar en presencia dun representante da Administración expropiante, e do Sr. Alcalde Presidente do Concello de Pontedeume ou da persoa en quen delegue; todo iso en cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957,*

***SETIMO****.- Efectuada a ocupación das fincas tramitar o expediente de expropiación nas súas fases de xusto prezo e pago. A estes efectos, no mesmo acto do levantamento das actas de ocupación, notificar aos interesados, de estar presentes, as valoracións a fin de alcanzar un mutuo acordo.*

***OITAVO****.-Publicar a convocatoria para o pago do importe dos depósitos previos e indemnización por rápida ocupación e o levantamento da acta de ocupación de conformidade co disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.*

***NOVENO****.-Designar como representante da Administración nas presentes actuacións a Secretaria Xeral do Concello dona Ana Ramos Ramos, ou persoa en quen delegue, coa condición de funcionario/a público.*

***DÉCIMO****.- Dar conta do Presente acordo a Augas de Galicia, e a Secretaría Xeral para a súa toma en consideración e tramitación, no seu caso, do correspondente procedemento de inclusión dos bens e dereitos afectados por este proceso no Inventario de Bens e dereitos do Concello de Pontedeume, así como as persoas designadas nas liñas anteriores en calidade de expropiados/as, e aos servizos económicos aos efectos oportunos****.***

*Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro"*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- O voceiro do grupo municipal do PP, o Sr. Santiago José Rodríguez, pregunta se se pode pedir indemnización se non se expropia.

- O Alcalde, o Sr. Bernardo Fernández, responde afirmativamente, e aclara que o concello ten a obriga de poñer os terreos a disposición de Augas de Galicia. Tamén comenta que para acometer a obra, aprobouse a urxente ocupación, a Consellería tiña que tramitar a expropiación. Posteriormente, unha vez adoptado o acordo do Pleno, Augas de Galicia ponse en contacto co concello, para dicir que se modifique o acordo, pois a Xunta ía ser máis lenta. Levouse novamente á Pleno, pero coincidiu coa pandemia. Agora volveuse ao punto de partida, a única paralización que houbo foi polo convenio da construción de Nadal, e outra polas catas arqueolóxicas.

- O voceiro do grupo municipal do PP, o Sr. Santiago José Rodríguez, está a favor da proposta, e pregunta se o prazo vai a ser minguado, ao que o Sr. Daniel Ríos responde que o prazo acababa o 19/02/2021, e ampliouse ata o 19/10/2021.

- O voceiro do grupo municipal do BNG, o Sr. Luis Pena, fai un relato cronolóxico dos feitos, non entende en que momento deixa de ser urxente para ser ordinario, e quen o decidiu, xa que no ano 2017 xa hai constancia do proxecto de expropiación. A urxencia parécelle un pouco desaxustada á realidade. O voto vai a ser en contra pola forma de actuación.

- O Alcalde, o Sr. Bernardo Fernández, comenta que o paso de urxente a ordinario é debido a unha petición de Augas de Galicia, tras unha chamada de teléfono. No expediente non consta a petición, e afirma que pódeo corroborar a Secretaria. A Secretaria da corporación explica as diferenzas entre o acordo do 2018 e o que se trae agora ao Pleno.

- O voceiro do grupo municipal do BNG, o Sr. Luis Pena, afirma que non lle queda nada claro, e pregunta por que pasa de urxente a ordinario cunha chamada de teléfono, ao que responde o Sr. Alcalde, que esa pregunta tiña que facela no Pleno onde se debateu esa cuestión, pois estaba alí presente.

- O Alcalde, o Sr. Bernardo Fernández, afirma que quedou suficientemente explicado, pola súa parte e pola da Secretaria. O importante é que se aprobe a expropiación, que se ocupen os terreos e remate a obra, e que esta non se viu atrasada por mor da expropiación.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **2 votos en contra** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**.- Proceder á tramitación do expediente no sentido indicado, esto é:

- Estimar a alegación e recurso de reposición contra o acordo plenario de data 27/02/2020, presentada por Josefa Bouza Varela e Carmen Iglesias Bouza, en data 15/06/2020, atendendo ao informe emitido por parte do equipo redactor de data 21/01/2021 presentado por RE nº 202199900000096 en canto a proceder a expropiación total da parcela nº3 do proxecto de expropiación “Mellora do saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Pontedeume (A Coruña)”, con una superficie total de 657 $m^2$ (ampliando a superficie expropiada en 191,49 $m^2$), en virtude do disposto no artigo 23 da LEF: “Cuando la expropiación implique sólo la necesidad de ocupación de una parte de finca rústica o urbana, de tal modo que a consecuencia de aquélla resulte antieconómica para el propietario la conservación de la parte



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de finca no expropiada, podrá éste solicitar de la Administración que dicha expropiación comprenda la totalidad de la finca, debiendo decidirse sobre ello en el plazo de diez días. Dicha resolución es susceptible del recurso de alzada previsto en el artículo anterior, y no se dará el recurso contencioso administrativo, estándose a lo dispuesto en el artículo cuarenta y seis.”.

- Valorar a superficie expropiada de 191,49 m$^2$ (para completar o total da parcela) nun total de 6.681,37 €, tramitada como expediente complementario e nomeado a efectos de valoración como parcela nº3 TO, que completa os valores xa acordados anteriormente polo pleno da corporación sobre a parcela nº 3.

- A finca nº 3 resultaría coa seguinte valoración total, que será aprobada polo Pleno se o estima:

| Nº | DATOS CATASTAIS (POL-PARC) | REF CATASTRAL | PARAXE | TITULAR | DOMICILIO | POBOACIÓN | SUP EXPROPIADA | VALORACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | 69693 13 | 6969313NJ6066N | CL MUELLE | BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE) | LG BAÑOBRE 76 | 15630 MIÑO | 657M2 | 22.923,72€ |

- A finca nº 2 mantense nos mesmos termos xa aprobados polo Pleno da corporación ao non constar alegacións sobre a mesma.

| Nº | DATOS CATASTAIS (POL-PARC) | REF CATASTRAL | PARAXE | TITULAR | DOMICILIO | POBOACIÓN | SUP EXPROPIADA | VALORACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 69693 12 | 6969312NJ6066N | CL MUELLE | ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE) | CL RUA DO PINCHO 1 | 15600 PONTEDEUME | 49 M2 | 1.709,68 € |

**SEGUNDO**.- Aprobar a relación de titulares, bens e dereitos afectados pola expropiación, logo das alegacións e recursos presentados:

| Nº | DATOS CATASTAIS (POL-PARC) | REF CATASTRAL | PARAXE | TITULAR | DOMICILIO | POBOACIÓN | SUP EXPROPIADA | VALORACIÓN TOTAL, SEGUNDO CADRO RESUMO DE VALORACIÓNS CONTIDO NO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | | PROXECTO EXPROPIATORIO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 69693 12 | 6969312NJ6066N | CL MUELLE | ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE) | CL RUA DO PINCHO 1 | 15600 PONTEDEUME | 49 M2 | 1.709,68 € |
| 3 | 69693 13 | 6969313NJ6066N | CL MUELLE | BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE) | LG BAÑOBRE 76 | 15630 MIÑO | 657M2 | 22.923,72€ |

Advírtese que o acordo de aprobación definitiva do proxecto de obra de “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” e do “Proxecto de expropiación elaborado pola Enxeneira agrónoma Andrea Fernández Martínez en data novembro de 2017, presentado no RE de data 24/11/2017 nº 6501 no que se formula e polo tanto se aproba a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a expropiar para a execución da obra “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” Tomo I e II”, coas modificacións introducidas segundo se indica en relación coa finca nº 3 no sentido de expropiar a finca na súa totalidade, en aplicación do disposto nos artigos 28 e 29 da lei de augas de Galicia, e na DA octava do mesmo texto, leva implícita a declaración da utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e adquisición de dereitos, a fines de expropiación forzosa e ocupación temporal, por tratarse de unha obra hidráulica de saneamento, que ademáis se atopa dentro do Plan Hidrolóxico Galicia - Costa.

Ao estar declarada implícitamente a urxente ocupación, o procedemento expropiatorio tramitarase pola **modalidade prevista no artigo 52 LEF** e concordantes do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa (REF). Así, **implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, o que implica que os terreos poderán ser ocupados unha vez aboado ou consignado o depósito previo e as indeminacións por rápida ocupación, de ser procedentes, de conformidade co establecido na regra 6 do artigo 52 LEF.**

As actuacións do expediente expropiatorio entenderánse en primeiro lugar, cos propietarios do ben ou titular do dereito obxecto da expropiación, polo que se pon de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistrais e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistrais do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe das valoracións.

**TERCEIRO**.- Convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados polo procedemento expropiatorio, no Salón de Plenos do Concello de Pontedeume o día **15 de marzo de 2021** es 10:30 horas, na seguinte orde:

- Dona Marta María Rosado de la Gala

- Dona Rocío Rosado de la Gala



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- María Soledad Rosado Ríos
- Rosa María Rosado Ríos
- Herederos de Enrique Rosado Espada: D Juan José Fonte Sardiña y Antonio Fernández Ríos
- Herederos de Consuelo Rosado Espada
- Herederos de Juan Rosado Espada
- Pedro Ares Espada y herederos
- Herederos de Antonio Ares Espada
- Herederos de Magdalena Ares Espada
- Herederos Luis Ares Espada

As 11:00 horas

- Dona Carmen Bouza Varela
- Dona Josefa Bouza Varela
- Dona Marina Iglesias Bouza
- Dona María del Carmen Iglesias Bouza
- Dona Ramona Queijas López

Co fin de proceder ao **levantamento das actas previas á ocupación** nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade e documento nacional de identidade, podendo facerse acompañar a súa costa, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.

**CUARTO**.- En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa de 26 de abril de 1957, **convocar o pago dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación**, que terá lugar  unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, no lugar e data que se indican:

o Lugar: Salón de Plenos do concello de Pontedeume



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Data: **16 de marzo de 2021** ás 10:30 horas, na seguinte orde:
  - Dona Marta María Rosado de la Gala
  - Dona Rocío Rosado de la Gala
  - María Soledad Rosado Ríos
  - Rosa María Rosado Ríos
  - Herederos de Enrique Rosado Espada: D Juan José Fonte Sardiña y Antonio Fernández Ríos
  - Herederos de Consuelo Rosado Espada
  - Herederos de Juan Rosado Espada
  - Pedro Ares Espada y herederos
  - Herederos de Antonio Ares Espada
  - Herederos de Magdalena Ares Espada
  - Herederos Luis Ares Espada

  As 11:00 horas

  - Dona Carmen Bouza Varela
  - Dona Josefa Bouza Varela
  - Dona Marina Iglesias Bouza
  - Dona María del Carmen Iglesias Bouza
  - Dona Ramona Queijas López

No suposto de non ter presentada a acreditación da titularidade e a copia do D.N.I., así como no restos dos supostos previstos no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos.

**QUINTO.- Acordar fixar como importe de depósito previo das fincas o 20% do valor dos bens e dereitos afectados, sen incluír o 5% do premio de afección, resultando os seguintes valores das fincas.**

| Nº | DATOS CATASTAIS (POL-PARC) | REF CATASTRAL | TITULAR | VALORACIÓN TOTAL, SEGUNDO CADRO RESUMO DE VALORACIÓNS CONTIDO NO PROXECTO EXPROPIATORIO | Valoración de depósito previo € | Valoración de indemnizacións por rápida ocupación € |
|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 69693 12 | 6969312NJ6066N | ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE) | 1.709,68 € | 162,68 € | 0,00 € |
| 3 | 69693 13 | 6969313NJ6066N | BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE) | 22.923,72 € | 2.181,24 € | 0,00 € |

**SEXTO**.- Coincidindo co acto de pagamento, proceder ao levantamento da acta de ocupación correspondente; o que terá lugar en presencia dun representante da Administración expropiante, e do Sr. Alcalde Presidente do Concello de Pontedeume ou da persoa en quen delegue; todo iso en cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957,

**SETIMO**.- Efectuada a ocupación das fincas tramitar o expediente de expropiación nas súas fases de xusto prezo e pago. A estes efectos, no mesmo acto do levantamento das actas de ocupación, notificar aos interesados, de estar presentes, as valoracións a fin de alcanzar un mutuo acordo.

**OITAVO**.-Publicar a convocatoria para o pago do importe dos depósitos previos e indemnización por rápida ocupación e o levantamento da acta de ocupación de conformidade co disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

**NOVENO**.-Designar como representante da Administración nas presentes actuacións a Secretaria Xeral do Concello dona Ana Ramos Ramos, ou persoa en quen delegue, coa condición de funcionario/a público.

**DÉCIMO**.- Dar conta do Presente acordo a Augas de Galicia, e a Secretaría Xeral para a súa toma en consideración e tramitación, no seu caso, do correspondente procedemento de inclusión dos bens e dereitos afectados por este proceso no Inventario de Bens e dereitos do Concello de Pontedeume, así como as persoas designadas nas liñas anteriores en calidade de expropiados/as, e aos servizos económicos aos efectos oportunos**.**

**7.- ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO. DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.***

***SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/01/2021***

*(Expediente TEDeC: 2021/G006/000017)*

*De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Presidencia ditadas, dos números **754.2020** de 23 de decembro de 2020 ao **32.2021** de 21 de xaneiro de 2021, ambos os dous incluídos, os seguintes:*

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2020/G003/000848 | ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO VÍAS E OBRAS (FURGONETA) | 000754/2020 | 23-12-2020 18:19 |
| 2020/G003/000858 | CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30.12.2020 | 000755/2020 | 23-12-2020 22:02 |
| 2020/G003/000860 | CONVENIO PARA A RENOVACIÓN DA PERMANENCIA NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS MUNICIPAIS. ADAPTACIÓN ART. 49 DA LEI 40/2 | 000756/2020 | 24-12-2020 09:29 |
| 2020/G003/000857 | ADXUDICACIÓN CONTRATO SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO VÍAS E OBRAS (CAMIÓN CON GRÚA) | 000757/2020 | 28-12-2020 10:19 |
| 2020/G003/000859 | DESESTIMENTO DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO "ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (INVERNO 2020-2021) (Expediente 2020/c002/000039) | 000758/2020 | 28-12-2020 12:04 |
| 2020/G003/000849 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA -CAMIÑO CHAPIZO / CASA DE EXERCICIOS-. | 000759/2020 | 28-12-2020 14:29 |
| 2020/G003/000851 | APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR, CURSO MICRO-BIT PARA DOCENTES-COMUNIDADE UBU + KIT. | 000761/2020 | 28-12-2020 14:29 |
| 2020/G003/000852 | APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR "RENOVACIÓN APARTADO DE CORREOS DEL JUZGADO DE PAZ". | 000760/2020 | 28-12-2020 14:29 |
| 2020/G003/000829 | SEGUROS SOCIAIS - NOVEMBRO 2020 | 000763/2020 | 29-12-2020 12:08 |
| 2020/G003/000845 | PAGAMENTO XXIII PREMIO DE INVESTITACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME | 000764/2020 | 29-12-2020 12:21 |
| 2020/G003/000847 | APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO PREMIO DO "XXX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME" | 000765/2020 | 29-12-2020 12:21 |
| 2020/G003/000862 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 DE OBRAS DE EMERGENCIA SUSTITUCION DE COLECTOR PARQUE VIZUS,CENTROÑA,PONTEDEUME | 000762/2020 | 29-12-2020 12:21 |
| 2020/G003/000853 | APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA, PAGO A XUSTIFICAR - TARXETAS PREFRANQUEADAS 750 ANIVERSARIO-. | 000769/2020 | 29-12-2020 13:50 |
| 2020/G003/000865 | APROBACIÓN CERTIFICACION Nº 11 - GRADERIO EN CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE PONTEDEUME (POS | 000768/2020 | 29-12-2020 13:50 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 2016) | | |
| 2020/G003/000217 | Pago do 10% restante da subvención Nominativa do 2018 da entidade Comisión de Festas de Andrade. | 000766/2020 | 29-12-2020 13:59 |
| 2020/G003/000543 | Decreto Resolución subvención nominativa 2018 ca entidade Os Fenómenos do Eume | 000767/2020 | 29-12-2020 14:01 |
| 2020/G003/000866 | RELACIÓN FACTURAS F/2020/25 | 000770/2020 | 29-12-2020 14:02 |
| 2020/G003/000241 | Pago do 10% restante subvención 2018, entidade ANPA Couceiro Freijomil | 000774/2020 | 29-12-2020 15:13 |
| 2020/G003/000863 | APROBACIÓN PADRÓNS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, OUTUBRO 2020 | 000773/2020 | 29-12-2020 15:13 |
| 2020/G003/000864 | APROBACION PADRÓNS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, NOVEMBRO 2020 | 000772/2020 | 29-12-2020 15:13 |
| 2020/G003/000869 | CONCESIÓN DEFITIVA DE AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGUNDO R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO | 000771/2020 | 29-12-2020 15:13 |
| 2020/G003/000872 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 38, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 12.- | 000775/2020 | 29-12-2020 18:45 |
| 2020/G003/000870 | CAMBIO DE IMPUTACIÓN DE PROXECTO DAS FACTURAS F/2020/1388 E F/2020/3287 | 000776/2020 | 29-12-2020 19:19 |
| 2020/G003/000871 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA "PARQUE INFANTIL EN AVENIDA LOMBARDERO" | 000777/2020 | 30-12-2020 12:28 |
| 2020/G003/000873 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 FINAL DA OBRA - CAMIÑO DE CASTRELO A LIMITE MUNICIPAL CETROÑA | 000778/2020 | 30-12-2020 12:30 |
| 2020/G003/000878 | RELACION FACTURAS F/2020/26 | 000779/2020 | 30-12-2020 14:33 |
| 2020/G003/000879 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 ÚLTIMA DE - MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PAVILLÓN A CASQUEIRA-. POS+ 2019. | 000780/2020 | 30-12-2020 15:03 |
| 2020/G003/000881 | APROBACIÓN PRÓRROGA ORZAMENTO DE 2020 A 2021 | 000782/2020 | 30-12-2020 18:13 |
| 2020/G003/000874 | Aprobación conta xustificativa pago axudas ás familias para | 000781/2020 | 30-12-2020 18:20 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | *a adquisición de material escolar. Curso Escolar 2020-2021. Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO do Concello de Pontedeume* | | |
| *2020/G003/000882* | *RELACION FACTURAS F/2020/27* | *000783/2020* | *30-12-2020 19:19* |
| *2020/G003/000883* | *APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA DE LAS OBRAS: REPOSICIÓN DE FIRME EN TRAVESÍA RIO EUME* | *000784/2020* | *30-12-2020 20:19* |
| *2020/G003/000885* | *APROBACIÓN SEGUNDA XUSTIFICACIÓN -CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME (CERTIF.Nº 5 A Nº 15 E LIQUIDACIÓN)* | *000785/2020* | *31-12-2020 10:05* |
| *2020/G003/000884* | *Certificacion Nº1 ( OBRAS EN LA CONEXIÓN AC-144 CON DP6902-Pontedeume - A Coruña" )* | *000786/2020* | *31-12-2020 10:23* |
| *2020/G003/000189* | *TESOURERÍA-APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS POR LICENZAS MUNICIPAIS VENCIDAS PARA O EXERCICIO DE VENDA AMBULANTE, ANO 2019.* | *000002/2021* | *31-12-2020 20:48* |
| *2020/G003/000867* | *PERSOAL-BASES AXUDAS SOCIAIS PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO, ANOS 2015 E 2016.* | *000005/2021* | *31-12-2020 20:48* |
| *2020/G003/000868* | *Corrección de erros Convocatoria Subvenciós por concorrencia competitiva a entidades deportivas 2020* | *000004/2021* | *31-12-2020 20:48* |
| *2020/G003/000877* | *PADRÓNS MERCADO PROVISIONAL 2019-2020.* | *000003/2021* | *31-12-2020 20:48* |
| *2020/G003/000880* | *NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL, EVA Mª GUERRERO RICO DO 1 AO 10 XANEIRO 2021.* | *000001/2021* | *31-12-2020 20:48* |
| *2021/G003/000004* | *NOMEAMENTO DIRECCIÓN DE OBRA PAVIMENTACIÓN DE ACCESO AO BARREIRO (POS+ ADICIONAL 2018) (Expediente: 2019/C003/000006-- PCO001201900305)* | *000006/2021* | *07-01-2021 14:12* |
| *2021/G003/000005* | *SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE* | *000007/2021* | *12-01-2021 10:42* |
| *2020/G003/000840* | *DECRETO PAGO SUBVENCION NOMINATIVA FUTBOL SALA PONTEDEUME. 2019* | *000008/2021* | *12-01-2021 14:08* |
| *2021/G003/000007* | *DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023. PERIODO: do 12.01.2021 ao 15.01.2021 (ambos os dous incluídos)* | *000009/2021* | *12-01-2021 14:50* |
| *2021/G003/000011* | *Convocatoria da sesión da Xunta de Goberno do 14/01/2020.* | *000010/2021* | *13-01-2021 15:08* |
| *2020/G003/000876* | *RECTIFICACIÓN DE ERROS DO DECRETO 721/2020 de 11.12.2020 DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS "CONSERVACIÓN CASTELO DE ANDRADE " (POS + 2019) E "PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN RÚA RÍO EUME E PR* | *000011/2021* | *13-01-2021 19:45* |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO" (POS + AD 2018) | | |
| 2021/G003/000012 | ADAPTACIÓN DA REGULARIZACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS APROBADO POR DECRETO DA ALCALDÍA Nº 264/2020 DO 7 DE MAIO DE 2020, MODIFICADA POR RESOLUCIÓN Nº 265/2020 DE 8 DE MAIO TRAS A PUBLICACIÓN DA ORDEN SND/387/2020, POLA QUE SE REGULA O PROCESO DE COGOBERNAZA COAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS E AS CIUDADES DE CEUTA E MELILLA PARA A TRANSICIÓN A UNHA NOVA NORMALIDADE. (BOE Nº 123 DE 3 DE MAIO DE 2020) | 000012/2021 | 14-01-2021 16:05 |
| 2021/G003/000009 | RESOLUCIÓN SOLICITUDE MODALIDADE DE TELETRABALLO DA SECRETARIA MUNICIPAL ANA RAMOS RAMOS. | 000013/2021 | 15-01-2021 14:43 |
| 2021/G003/000015 | PRORROGA DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023. PERIODO: do 16.01.2021 ao 20.01.2021 (ambos os dous incluídos) | 000017/2021 | 18-01-2021 10:30 |
| 2021/G003/000010 | RESOLUCION DE INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO DO ARTIGO 11 LSV (9BIS 99500000021432) | 000016/2021 | 18-01-2021 10:37 |
| 2021/G003/000014 | Aprobación nenas e nenos participantes no servizo de conciliación municipal "Madrugadoras/Madrugadores" 2020/2021 | 000015/2021 | 18-01-2021 10:38 |
| 2021/G003/000016 | REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO, EMPRAZAMENTOS, CONSTITUCIÓN EN PARTE E REPRESENTACION DO CONCELLO NO RECURSO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO -PA PROCEDEMENTO ABREVIADO0000185/2020-L DE PELAYO MUTUA DE SEGUROS CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (Expediente: 2020/P002/000005) PROCEDEMENTO ABREVIADO0000185/2020-L RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DE PELAYO MUTUA DE SEGUROS , OSCAR ALLEGUE IGLESIAS | 000014/2021 | 18-01-2021 10:39 |
| 2021/G003/000013 | CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL | 000018/2021 | 18-01-2021 11:30 |
| 2020/G003/000875 | EXPEDIENTE DE RESOLUCCION DE INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO AI 99500000021433 | 000019/2021 | 18-01-2021 11:35 |
| 2021/G003/000008 | EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE | 000020/2021 | 18-01-2021 11:37 |
| 2021/G003/000003 | AUTORIZACIÓN E XESTIÓN DE CERTIFICADO DE REPRESENTANTE PARA O ACCESO A NOTIFICACIÓNS | 000021/2021 | 19-01-2021 10:12 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | *ELECTRÓNICAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS.* | | |
| *2021/G003/000023* | *PERSOAL-CONTRATACIÓN AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL DONA MARÍA BERRUEZO CARBALLEIRA, POLO PERÍODO DE SEIS MESES.* | *000022/2021* | *19-01-2021 14:56* |
| *2021/G003/000022* | *NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021* | *000023/2021* | *19-01-2021 15:03* |
| *2021/G003/000017* | *SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021, DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE PERSOAL EN RISCO DE EXCLUSIÓN PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS* | *000024/2021* | *20-01-2021 09:13* |
| *2021/G003/000025* | *Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda do 25/01/2021* | *000025/2021* | *20-01-2021 10:32* |
| *2021/G003/000026* | *TESOURERIA- IRPF, MOD. 111 DECEMBRO 2020* | *000026/2021* | *20-01-2021 12:21* |
| *2021/G003/000028* | *PRORROGA DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023. PERIODO: do 21.01.2021 ao 25.01.2021 (ambos os dous incluídos)* | *000027/2021* | *20-01-2021 13:56* |
| *2021/G003/000029* | *ORDEN PAGAMENTO FRA.Nº 2020 15 E CERTIFICACIÓN Nº1 -CONEXIÓN AC-144 CON DP 6902, PONTEDEUME* | *000030/2021* | *20-01-2021 14:01* |
| *2021/G003/000030* | *Convocatoria da Sesión Ordinaria da Comisión Informativa de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 25/01/2021* | *000028/2021* | *20-01-2021 14:47* |
| *2021/G003/000024* | *PERSOAL-CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVO DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA POR CESE MFAV E JAFC.* | *000029/2021* | *20-01-2021 14:54* |
| *2021/G003/000002* | *PAGAMENTO DA FRANQUICIA DO SEGURO RESPONSABILIDADE CIVIL,POLA INDEMNIZACIÓN OBXECTO DA SENTENZA DO RECURSO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO -PA PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000140/2020 - R- DE AXA SEGUROS GENERALES CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (Expediente: 2020/P001/000012)* | *000031/2021* | *20-01-2021 18:46* |
| *2021/G003/000031* | *SOLICITA EL ABONO DE GASTOS POR PEAJES Y DESPLAZAMIENTOS A AGASP* | *000032/2021* | *21-01-2021 14:26* |

*Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións, D. José Simoes Couceiro, en Pontedeume, na data sinalada na marxe"*

Os membros/as presentes **TOMAN RAZÓN.**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**8.- ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.**

**1.- CREACIÓN DUN FORNO DE COOPERACIÓN GALEGO COVID-19.**

Dende a Presidencia dáse conta da presentación, por parte do Grupo Municipal do Partido Popular, dunha moción: "CREACIÓN DUN FORNO DE COOPERACIÓN GALEGO COVID-19.

O concelleiro do grupo municipal do PP, o Sr. Luis Ángel Díaz, da lectura á moción, que se transcribe a continuación:

"***MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DA CREACIÓN DUN FONDO DE COOPERACIÓN GALEGO COVID-19***

*O Grupo Municipal Popular no concellode Pontedeumede acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de* ***MOCIÓN:***

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*A hostalería é un dos sectores nos que maior impacto teñen as restricións sanitarias implantadas para a contención da pandemia da COVID-19. Trátase dun sector que abrangue a preto de 20.700 establecementos en Galicia, a maior parte pequenas e medianas empresas que son fonte de subsistencia de moitas familias galegas.*

*Estasituación require dunha resposta institucional contundente e integral por parte das distintas administracións públicas (Goberno central, Xunta de Galicia, deputacións e concellos) que contribúa a apoiar a supervivencia dos establecementos. Neste marco, a Xunta de Galicia leva meses mantendo un diálogo constante con representantes dos hostaleiros e hostaleiras. No seo desas xuntanzas acordáronse medidas como un Plan específico de axudas para o ocio nocturno, por ser o sector que se mantivo totalmente pechado por máis tempo, e, máis recentemente, un Plan de Rescate a persoas traballadoras autónomas, microempresas e establecementos hostaleiros pechados por mor da pandemia. Este último plan está dotado de 86,2 millóns de euros e contén tres liñas de axuda ás que pode acceder á hostalería, ademais unha liña exclusiva para este sector dotada con 17 millóns de euros de crédito.*

*Por outra banda, o Goberno galego habilitou tamén nos últimos meses liñas de préstamos directos para autónomos e pequenas empresas con máis problemas de liquidez por importe de 10 millóns de euros ou axudas para a adaptación das terrazas da hostalería e a adquisición de elementos de envasado de comida e bebida para a entrega a domicilio ou a recollida no local (3 millóns de euros). Ademais, avanzouse que as axudas continuarán mentres se prorrogue a situación.*

*En paralelo, algúns concellos e deputacións habilitaron medidas de apoio, normalmente non específicas para este sector, e o Goberno central un plan de axudas ao sector Horeca que nonincluíu axudas directas.*

*Considerando que as achegas nos vindeiros meses deberán continuarse dada a evolución da situación sanitaria, na súa xuntanza do pasado 13 de xaneiro, tanto o Goberno galego como os*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*representantes da hostalaría propuxeron abrir unha tripla fronte mediante un fondo de cooperación Covid-19 que conte coa participación da Xunta de Galicia, deputacións e os concellos para salvar do peche ás empresas e autónomos da nosa comunidade, seguindo o modelo da comunidade autónoma de Valencia, onde a Generalitat aportará o 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.2*

*Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Pontedeume, presenta a seguinte:*

***PROPOSTA DE ACORDOS***

*1.-O concello de Pontedeume, en coñecemento da situación que atravesa o sector da hostalería na Comunidade autónoma, manifesta o seu apoio á demanda dos representantes deste sector de que todas as administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) contribúan de xeito coordinado econ medidas de contido económico, no ámbito das súas competencias, a paliar a crise no sector, co obxectivo de acadar unha resposta integralá mesma.*

*2.-O concello de Pontedeume comprométese a contribuír, xunto co resto de administracións públicas de Galicia, á creación do Fondo de Cooperación galego COVID-19,ao igual que o que se aprobou na Comunidade Valenciana,co obxectivo de achegar á hostalería todo o apoio mobilizable desde o conxunto das administracións públicas galegas. A Xunta de Galicia aportará o 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.*

*3.-O concello de Pontedeumecomprométese a estudar e, no seu caso, aplicar, as demandas que o sector ten feito ás administracións locais no ámbito das súas competencias e que algunhas teñen desbotado publicamente implementar:*

*3.1. A redución ou exención das taxas municipais á instalación de terrazas, á recollida de lixo e á auga, para contribuír á supervivencia do sector hostaleiro durante as restricións máis elevadas.*

*3.2. A aplicación dos tipos mínimos legais no imposto sobre bens inmobles (IBI); bonificacións do imposto sobre construcións instalacións e obras (ICIO) en relación as licencias de obra que se soliciten co fin de adaptar os locais as medidas de seguridade impostas pola situación sanitaria e bonificación do imposto sobre vehículos necesarios para a actividade (IVTM) no caso do comercio e a hostalería.*

*4.-O concello de Pontedeume solicita ao Goberno do Estado que aplique unha redución do IVE turístico ao 4%, que prolongue os ERTES de xeito consensuado cos axentes sociais mentres duren os efectos da pandemiae que inclúa axudas directas ao sector da hostalería no Plan de Rescate aprobado polo Consello de Ministros."*

- O Alcalde, o Sr. Bernardo Fernández, concede a palabra ao voceiro do PSOE, o Sr. José Simoes, para que de lectura a moción urxente do grupo municipal do PSOE, que se transcribe a continuación:

*"O Grupo Municipal dos Socialistas de….. de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte* ***MOCIÓN*** *sobre un Plan de Rescate para os sectores da hostalaría e o turismo.*

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Dende o comezo da pandemia algúns sectores produtivos están a afrontar unha realidade que os afoga cada día, facendo insostible a continuidade de moitas pequenas e medianas empresas vinculadas á hostalería, o comercio, ás actividades de ocio e recreativas ou ás axencias de viaxes e o turismo, entre outras.*

*As dificultades son de especial importancia entre aquelas empresas e autónomos que ven limitada a súa actividade polas restricións derivadas da pandemia, xa sexa a través de limitacións de aforos, redución de horarios ou limitacións de espazos e aforos.*

*Dende o primeiro momento en que se tivo consciencia da transcendencia da crise sanitaria, social e económica que estabamos a vivir, xa hai nove meses, o presidente da Deputación, Valentín González Formoso, solicitoulle ao presidente do Goberno galego abrir unha Mesa de coordinación entre as distintas administracións.*

*O obxectivo non era outro que traballar de forma coordinada para evitar duplicidades nas axudas e facelas máis eficientes para os sectores económicos que máis sufriron (e seguen a sufrir) as medidas restritivas que, desgraciadamente, houbo e hai que seguir adoptando.*

*Resulta evidente que a adopción de medidas necesarias para protexer a saúde da cidadanía debe ser unha prioridade, pero non pode perderse de vista que ao adoptarse estas medidas, prexudicamos a economía de centos de familias cuxos únicos ingresos dependen da súa actividade laboral ou económica.*

*Non é aceptable que haxa que poñer nunha balanza a saúde da cidadanía e a subsistencia de miles de familias, como tampouco o é que o impacto derivado das medidas de saúde pública que a autoridade competente adopte, sexan soportadas en solitario por un sector da poboación sen ofrecerlle ningún tipo de auxilio.*

*Por iso, coa finalidade de que a saúde das cidadás e dos cidadáns sexa o único elemento de decisión, resulta imprescindible adoptar modelos como o implantado en Alemaña, onde calquera restrición sanitaria chega acompañada de liñas de axudas para os sectores afectados. Aínda máis nun momento no que a administración autonómica, que é a competente para ordenar as restricións, ten á súa disposición os recursos para facer efectivas as axudas.*

*En Galicia estamos preparados para adoptar un modelo similar ao alemán para afrontar non só á difícil situación económica das PEMES e autónomos da provincia, senón tamén de protexelas das perdas derivadas das restricións sanitarias aplicadas ata o momento, xa que durante o ano 2020 o goberno estatal remitiu á Xunta de Galicia recursos non reembolsables a través do fondo COVID estatal para compensar a caída de ingresos pola redución da actividade económica por valor de 224,10 millóns, e acaba de anunciar o reparto de 441 millóns de euros a través dos fondos de REACT-EU.*

*Do mesmo xeito, os orzamentos de ingresos da Xunta de Galicia medraron nun 13,98% respecto ao ano 2020, grazas, na súa maior parte ás novas transferencias que chegarán de*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*novo a través dos fondos REACT-EU, o que significará a recepción de fondos extraordinarios para afrontar esta situación epidemiolóxica.*

*Por isto, a Xunta de Galicia dispón de recursos extra que lle permiten dar as axudas que se reclaman dende os sectores da hostalería e o comercio, para poder afrontar as dificultades actuais e tamén as que xurdirán a medio e longo prazo.*

*Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica de Galicia na segunda quincena de xaneiro, supera con moito o repunte inicialmente previsto, situándonos no peor momento da pandemia, o que obriga necesariamente a incrementar as restricións. A situación actual require a acción dun goberno responsable, con anticipación e prudencia, o que necesariamente debe traducirse nunha revisión dos orzamentos que o 26 de xaneiro aprobou o Parlamento de Galicia sen modificar unha coma, reorientando as partidas de gastos para rescatar aqueles sectores máis prexudicados.*

*Os compromisos noutras materias non deben ser unha escusa. Os gobernos autonómicos recibiron o ano pasado 16.000 millóns de euros para afrontar os gastos extraordinarios en sanidade (9.000 millóns) e educación (2.000 millóns).*

*A Deputación Provincial da Coruña sempre estivo disposta a axudar aos sectores afectados; proba diso é que ante a desatención da Xunta de Galicia á petición de coordinación, implementou un plan dirixido a PEMES e autónomos que mobilizou 17 millóns de euros coa colaboración dos concellos da provincia. Destináronse 12,5 millóns de euros a axudas aos pequenos negocios afectados polas consecuencias da Covid-19 nos concellos coruñeses de menos de 50.000 habitantes (dos que a Deputación aportou o 80%, 10 millóns de euros, e os municipios o 20% restante) e outros 3 millóns de euros a suplementar os programas de reactivación económica impulsados polas grandes cidades da provincia: A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol. E fíxose sen recibir ningunha transferencia extra de ningunha administración pública, revisando a fondo os seus presupostos.*

*Somos conscientes de que a situación require un novo esforzo, polo que continuamos dispostos a seguir traballando e chegar a acordos interadministrativos, para consensuar un plan de rescate efectivo dirixido aos sectores afectados que garanta a subsistencia de miles de familias.*

*As medidas anunciadas polo presidente da Xunta de Galicia o pasado 26 de xaneiro, coa posta en marcha en solitario dun fondo de 50 millóns do presuposto autonómico, resulta manifestamente insuficiente para rescatar a un sector que achega o 10% do PIB da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Por todo isto, esta Corporación Local adopta o seguinte acordo:*

*• Instar á Xunta de Galicia a que, dende o diálogo e o respecto á autonomía local, acorde coas deputacións provinciais e os concellos un plan de rescate para os sectores da hostalería e o turismo no que estas administracións participen do seguinte modo:*

1. *Xunta, deputacións e concellos de máis de 20.000 habitantes acheguen o 1% do seus presupostos.*

2. *Os restantes concellos acheguen de forma proporcional ao peso destes sectores no seu concello"*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- O Alcalde, o Sr. Bernardo Fernández, indica que é partidario da retirada da orde do día das dúas mocións, xa que explica que houbo unha reunión mantida hai dúas semanas, entre o Clúster Turismogalicia, que representa a unha parte do sector turístico, e representantes da Xunta de Galicia, que ten como obxectivo poñer en marcha un plan de rescate para o sector.

Na devandita reunión acordaron que a aportación da Xunta fora de 50.000.000 €, a da Deputación do 30 % restante, e a dos concellos o 20 %. O modelo que a Xunta tivo en conta foi o do Plan Valencia, que acaba de aprobar a Comunidade Valenciana, non só para o sector turístico se non para todos os sectores. Pero estos 50 millóns considéranse insuficientes, tendo en conta o que aportan outras comunidades autónomas, e así o trasladaron a FEGAM. Na reunión mantida o 27 de xaneiro chegaron a un acordo, a Xunta aportaría un 0,70% do seu orzamento, e as catro Deputacións o 1%.  Inicialmente o plan era para o Turismo,  pero agora a Xunta di que vai  destinado a todos os sectores. A discrepancia está en quen xestiona os fondos. Fíxose unha proposta de xestión mixta, pero a Xunta non a aceptou. En canto a contía, a proposta, en principio, é que os concellos de máis de 20.000 habitantes e Deputacións aporten un 1% do seu orzamento, e o resto dos concellos fagan unha aportación en base ao número de establementos que teñen.

Se estima que o conxunto das entidades locais estarían aportando entre 20 e 30 millóns de euros.  Hai concellos que non poden participar pola súa situación económica. O que establece a Xunta, é que os concellos que non participen, non percibirán as axudas. As entidades locais propoñen que estes concellos o xustifiquen cun informe económico, pero a Xunta non o acepta.

En vista do que aconteza na reunión do 29 de xaneiro entre a  Xunta, Deputacións, FEGAM, e o Clúster de Turismo, o Sr. Alcalde, propón retirar as mocións, de seguido o Sr. Luis Ángel Díaz, e o portavoz do grupo municipal do PP, o Sr. Santiago José Rodríguez, mostran a súa conformidade.

- O voceiro do grupo municipal do BNG, o Sr. Luis Pena, comenta que estas axudas son necesarias, pero non lles parece ben baixar o Imposto do Valor Engadido, pois contribúe a unha hucha común, que repártese entre os máis necesitados, tamén afirma que a porcentaxe que pon cada Administración non é relevante para os cidadáns de Pontedeume, pois o verdaderamente importante son as axudas que van recibir. A continuación menciona, que dedicouse moito tempo do debate á exposición do traballo do Sr. Alcalde na Deputación. Para despois sinalar que hai sectores que non reciben axudas como o cultural, (con datos de abril) que ten unha reducción do 6,3 %, mentres no sector servizos a reducción é menor do 4,5%.

- O Alcalde, o Sr. Bernardo Fernández, responde que ofrece unha información en base a transparencia que sempre reclama o Sr. Luis Pena. Mistura a súa condición de Alcalde e de deputado, o seu soldo é o mesmo que o dos deputados do BNG, e incluso algún deles, nin sequera son alcaldes, ou son de concellos moi pequenos como o de San Santurniño.

-  O voceiro do grupo municipal do BNG, o Sr. Luis Pena, responde que ningún Alcalde do BNG ten unha dedicación exclusiva á Deputación, e afirma que o Sr Alcalde, non tuvo o valor de presentar en Pleno, os soldos que cobrou. O Sr. Alcalde responde que non os presentou porque este é o Concello de Pontedeume, non a Deputación, e ademais o Sr. Luis Pena tampouco explica o que cobra da Universidade, que é outra administración pública.

-  O voceiro do grupo municipal do PP, o Sr. Santiago José Rodríguez, comenta que hai tres opcións de votacións, e non entende que o BNG critique a moción, e non propoñan nada alternativo, pois as súas mocións non están pechadas.

Ambas mocións son retiradas e non se someten a votación.



FIRMADO POR  Ana Ramos Ramos  (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) ,  Bernardo Fernández Piñeiro  (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, formula os seguintes ROGOS:

1.- Rogamos que doten de luz el aparcamiento de al lado de la gasolinera.

2.- Rogamos que habiliten un acceso directo al paseo marítimo.

3.- Rogamos que busquen una solución para el escaso aparcamiento en la urbanización Olmo.

4.- Rogamos que no se estacione el camión de la basura en la carretera vieja del Olmo.

5.- Rogamos que se vigile el aparcamiento doble fila delante del Martiño.

6.- Rogamos que pongan la itv para tractores en un sitio más céntrico.

- O Sr. José Simoes responde ó rogo de non estacionar o camión do lixo na estrada vella do Olmo, comentando que non é o costume, pois os camións sempre están aparcados no polígono de Vidrieiro, toma nota do rogo.

- O Sr. Daniel Ríos responde ao rogo do escaso aparcamento na urbanización Olmo, afirmando que hai feita unha memoria dende novembro, para ó acceso ó paseo, a iliminación, e o peche contra o instituto, é problable que o aprobemos con cargo ao remantente.

D. Luis Pena, voceiro do grupo municipal do BNG, formula os seguintes ROGOS:

1.- Rogamos a retirado dos contedores de roupa "Humana" (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO, INCUMPRIDO SETEMBRO, INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO.....)

2. Rogamos que nos envíen as actas da comisión COVID-19 (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO, INCUMPRIDO SETEMBRO, INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO)

3. Rogamos que se nos envíen o informe final que debeu ser entregado ao longo do mes de marzo do estudo da empresa encargada para a redacción da ordenanza que regula a instalación das terrazas (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO, INCUMPRIDO SETEMBRO INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO….)

4. Rogamos que se facilite, como mínimo, unha conexión eléctrica aos postos ambulantes do exterior mercado (venta de excedentes)

5. Rogamos soliciten ante a Real Academia Galega a concesión do Día das Letras Galegas 2022 a Ramiro Fonte e que se faga público o escrito de apoio a esta petición.

O Partido Popular no concello de Pontedeume, presenta as seguintes PREGUNTAS para o Pleno do 28/01/2021:

1. Después de pagar la "primera" línea de ayudas a autónomos se han invertido 28.000€. ¿Qué piensa hacer con los 22.000€ restantes?



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. Si se había retrasado la fecha de pago de las terrazas del año 2019, ¿por qué llegan los recibos con recargo?

3. Una vez abierto el mercado, ¿cómo se están controlando las medidas sanitarias? ¿La limpieza y el mantenimiento de este a qué empresa se ha adjudicado y en qué condiciones?

4. Tenemos constancia de que en la obra del edificio de la guardería han surgido problemas en el interior porque no dan las medidas correctas según el proyecto. Esto ha ocasionado más obras y más retraso. ¿Nos puede indicar qué problema ha surgido? ¿En qué fase se encuentra la obra y cuánto falta para su finalización?

5. Este año se ha prorrogado el "Xacobeo" hasta el 2022. Sabemos que es un año de restricciones, pero dentro de esas limitaciones se debería impulsar el turismo interno. De esta forma se promocionaría el año santo y nuestro pueblo se convertiría en un alto hasta Santiago, pudiendo así activar nuestra economía. ¿Se está preparando alguna medida para impulsarlo por parte del Concello? ¿En qué consiste?

6. ¿Qué medidas tiene pensadas para reactivar el Feirón?

7. ¿Dónde se han comprado las medallas conmemorativas y cuánto han costado?

O voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, o Sr. Luis Pena, da lectura ás PREGUNTAS presentadas ao Pleno do 28/01/2021.

1. EDIFICIOS INACABADOS. Cal é a situación urbanística e legal de dous edificios inacabados na vila, na rúa do Picho e na avenida de Ferrol? Que medidas tomou o concello e cal e horizonte temporal dos efectos de esas medidas?

2. VENDEDORES DE EXCEDENTES. Cal foi o procedemento de reparto dos postos de venta de excedentes agrícolas no soportais do Mercado ? Cales foron os criterios obxectivos para a adxudicación dos solicitantes e das localizacións de cada vendedor?

3. OBRA SANEAMENTO. Cal era a data inicialmente prevista para a finalización da obra de saneamento e cal e a data de finalización prevista a día de hoxe?

4. AUTOBÚS MIÑO-PONTEDEUME. Cal é a aportación económica que realiza o concello ao servizo metropolitano que xestiona a Xunta? Estase a prestar este servizo entre Miño-Pontedeume de forma correcta ? Por que razón?

5. CRIBADO POBOACIÓN. Cal é a contestación da Xunta de Galicia á petición dun cribado para a pobación da Vila ? Cal é o criterio obxetivo para que ese cribado se realice por exemplo nun concello como Arteixo e non en Pontedeume?

6. ASISTENCIA PLENO VIDEOCONFERENCIA. O plenos telemáticos tal e como se están a desenvolver actualmente garanten a condición de ser "públicos"? E legal que un veciño de Pontedeume que o solicite por escrito non poda presenciar de forma telemática un pleno ordinario ? Por que non se graban os plenos telemáticos?



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

7. EIM. Cal é o retraso temporal na finalización da obra da Escola Infantil Municipal “Chalé Rosa”? Cal é a data de remate prevista? Cal é a situación actual da escola infantil de “EINSA”?

8. BEIRARÚAS DE CENTROÑA. Cales foron as accións levadas a cabo polo goberno local nos 2 últimos anos en relación coas beirarúas de Centroña ? Cal foi o seu resutado?

9. PROTECCIÓN CIVIL. Cal foi o gasto medio do concello no servizo de Protección Civil nos últimos 4 anos ?

10. DIRECCIÓN MERCADO. Unha vez inagurado o mercado, está asignado o posto de director/a do mercado ? Quen se ocupa desta misión?.

- O Sr. José Simoes comenta que contestarán por escrito, ao longo do día, ás preguntas formuladas, adiantaranse por correo electrónico e despois por rexistro de saída.

**REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e seis minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 15/03/2021 09:41:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 15/03/2021 13:30:00)
Versión imprimible
CVD: 9Gmc9s5IyrKLaadS5PHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.